

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**2607** *Real decreto 126/2013, do 22 de febreiro, polo que se aproban os estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria Española.*

A Organización Colexial Veterinaria Española é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, de acordo co disposto no artigo 36 da Constitución.

Foi creada pola Real orde do 7 de novembro de 1924, que autorizaba a creación das agrupacións veterinarias. Nese momento a organización profesional veterinaria española agrupouse baixo o nome de Asociación Nacional de Veterinaria Española, e a denominación de Colexio Nacional e Provinciais de Veterinarios foi recoñecida pola orde ministerial do entón Ministerio de Agricultura do 19 de outubro de 1940.

Posteriormente, as ordenanzas que o rexían foron modificadas polas ordes ministeriais do 30 de agosto de 1945 e do 13 de febreiro de 1957, nas cales se denominou a organización colexial española co nome de Consello Xeral e Colexios Provinciais de Veterinarios de España. As ditas ordenanzas, en vigor até 1970, regulaban o exercicio profesional de acordo coas estruturas legais e profesionais que entón rexían. As profundas modificacións legais operadas durante os anos sesenta respecto ás eleccións das organizacións colexiais, á súa representatividade e, particularmente, ao exercicio profesional veterinario levaron á súa substitución pola Orde do Ministerio de Agricultura do 25 de setembro de 1970, posteriormente modificada nos anos oitenta.

Na actualidade, a Organización Colexial Veterinaria vén rexéndose por uns estatutos aprobados polo Real decreto 1840/2000, do 10 de novembro, polo que se aproban os estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria Española, vixentes até a actualidade.

No entanto, o proceso de adaptación do ordenamento xurídico español ás mudanzas introducidas pola Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, e polas súas normas de transposición, fai necesario aprobar uns novos estatutos da Organización Colexial Veterinaria Española.

Esta modificación supuxo unha profunda mudanza normativa na regulación dos colexios profesionais e dos consellos xerais daquelas organizacións de estrutura múltiple, como a veterinaria. Isto exige unha modificación dos estatutos xerais para os adecuar á nova realidade xurídica.

Así, co obxecto de actualizar os seus estatutos e de adaptalos ás modificacións incorporadas na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, o presente real decreto aproba os novos estatutos da Organización Colexial Veterinaria Española.

O Consello Xeral de Colexios de Veterinarios de España, oídos os colexios profesionais da súa especialidade, presentou proposta de novos estatutos á consideración do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo coas previsións do artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de febreiro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación dos estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria Española.*

Este real decreto ten por obxecto a aprobación dos estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria Española, cuxo texto figura no anexo da presente disposición.

Disposición derogatoria única. *Derrogación do Real decreto 1840/2000, do 10 de novembro.*

Queda derogado o Real decreto 1840/2000, do 10 de novembro, polo que se aproban os estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria Española.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de febreiro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

## ANEXO

### Estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria Española

#### TÍTULO I

#### Disposicións xerais

#### CAPÍTULO I

#### Natureza xurídica da Organización Colexial Veterinaria

##### Artigo 1. *Natureza xurídica da Organización Colexial Veterinaria.*

1. A Organización Colexial Veterinaria estará integrada polo Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España, os consellos de colexios existentes nas comunidades autónomas e os que, se for o caso, se constitúan, e os colexios oficiais de veterinarios existentes en cada provincia e nas cidades de Ceuta e Melilla. Todos eles son corporacións de dereito público que se rexerán, en desenvolvemento do disposto no artigo 36 da Constitución, pola Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, polas leis autonómicas de colexios profesionais e polo disposto nestes estatutos xerais. A súa estrutura e funcionamento serán democráticos, teñen carácter representativo e personalidade xurídica propia, independentes da Administración do Estado e da das comunidades autónomas, se for o caso, das cales non forman parte integrante, sen prexuízo das relacións de dereito público que con elas legalmente lles correspondan.

2. O Consello Xeral, os consellos de colexios autonómicos e os colexios oficiais de veterinarios, dentro do seu propio e respectivo ámbito de actuación, gozarán separada e individualmente de plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, e poden adquirir a título oneroso ou lucrativo, allear, vender, gravar, posuír e reivindicar toda clase de bens; contraer obrigas e, en xeral, ser titulares de toda clase de dereitos, executar ou soportar calquera acción xudicial, reclamación ou recurso en todas as vías e xurisdicións, civil, penal, laboral, contencioso-administrativa, económico-administrativa e mesmo os recursos extraordinarios de revisión e casación no ámbito da súa competencia.

3. A representación legal do Consello Xeral, dos consellos de colexios autonómicos e dos colexios oficiais, tanto en xuízo como fóra del, recaerá nos seus respectivos presidentes, que estarán lexitimados para outorgaren poderes xerais ou especiais a procuradores, letrados ou a calquera clase de mandatarios, precedendo acordo das xuntas de goberno respectivas.

4. De acordo co artigo 3.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, cando así o estableza unha lei estatal, os colexios profesionais agruparán obrigatoriamente a todos os veterinarios que exerzan a profesión en calquera das súas modalidades, sexa libremente sexa en entidades privadas, e en toda actividade da mesma índole en que for preciso estar en posesión do título, ou sempre que a dita titulación sexa condición para desempeñala. Voluntariamente poderán solicitar a súa colexiación os que, con título de veterinario, non exerzan a profesión.

Quedan exceptuados da colexiación obrigatoria os militares de carreira pertencentes ao corpo militar de sanidade, especialidade fundamental veterinaria, e militares de complemento adscritos ao mesmo corpo coa mesma especialidade fundamental de acordo co previsto no artigo 42 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

5. A organización colexial da profesión veterinaria española ten como emblema o seguinte:

a) Un campo de fondo cuns montículos tras dos cales aparece o disco do sol nacente, arredor do cal campea a inscrición «*Hygia Pecoris, Salus Populi*».

b) Diante deste motivo aparecen dúas ovellas en medio das cales vai colocada a cruz de malta.

c) Todo isto estará rodeado por dúas ramas arqueadas converxentes de abaixo arriba de follas de loureiro.

6. A Organización Colexial Veterinaria Española está colocada baixo o padroado de San Francisco de Asís.

7. O emblema reflectirase na medalla corporativa que utilizarán todos os membros dos órganos reitores da Organización Colexial Veterinaria (presidentes de colexios oficiais provinciais, membros dos consellos de colexios de comunidades autónomas e do Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España) nos actos oficiais e circunstancias de honra e protocolo a que asistan en representación da profesión colexiada.

O emblema corporativo materialízase nunha medalla suspendida en cordón de seda verde con espiral de fío de ouro.

## CAPÍTULO II

### Relacións coa Administración xeral do Estado

Artigo 2. *Relacións coa Administración xeral do Estado.*

1. O Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España relacionarase coa Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

2. A Organización Colexial Veterinaria, destinada a colaborar na realización do interese xeral, gozará do amparo da lei e do recoñecemento do Estado, das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla.

3. O Consello Xeral, os consellos de colexios autonómicos e os colexios oficiais terán o tratamento de ilustres e os seus presidentes o de ilustrísimos señores.

## CAPÍTULO III

### Fins da Organización Colexial Veterinaria

Artigo 3. *Fins da Organización Colexial Veterinaria.*

Son fins da Organización Colexial Veterinaria:

1. A ordenación, no ámbito da súa competencia, do exercicio da profesión veterinaria, a representación institucional exclusiva dela cando estea suxeita a colexiación obrigatoria, a defensa dos intereses profesionais dos colexiados e a protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos seus colexiados, todo isto sen prexuízo da competencia da Administración pública por razón da relación funcional.

2. A salvagarda e observancia dos principios deontolóxicos e ético-sociais da profesión veterinaria e da súa dignidade e prestixio, para o cal lle corresponde elaborar os códigos correspondentes e aplicalos.

3. A promoción, por todos os medios ao seu alcance, da constante mellora dos niveis científico, cultural, económico e social dos colexiados, para o cal poderá organizar e manter toda clase de institucións culturais e sistemas de previsión e protección social.

4. A colaboración cos poderes públicos na consecución da saúde das persoas e animais, mellora da gandaría española e a máis eficiente, xusta e equitativa regulación e ordenación do sector gandeiro e alimentario desde a fase da produción ao consumo, así como a atención ao ambiente.

## CAPÍTULO IV

### Ámbito e distribución territorial da Organización Colexial Veterinaria

#### Artigo 4. *Competencia territorial.*

O Consello Xeral de Colexios Veterinarios estende a súa competencia a todo o territorio español. O seu domicilio, coa totalidade dos seus servizos, radicará en Madrid, sen prexuízo de poder celebrar reunións en calquera outro lugar do territorio español, cando así o aprobe a maioría dos seus compoñentes.

Os colexios oficiais de veterinarios estenden a súa competencia, respectivamente, a cada unha das provincias que integran o territorio de España e ás cidades de Ceuta e Melilla.

Os consellos de colexios veterinarios de ámbito autonómico que se constitúan terán a denominación, composición, competencias e funcións que lles correspondan dentro do territorio respectivo, consoante a lexislación aplicable.

## TÍTULO II

### Estatutos do Consello Xeral de Colexios Veterinarios

## CAPÍTULO I

### Natureza e funcións

#### Artigo 5. *Natureza.*

O Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España é o superior órgano representativo e coordinador no ámbito estatal e internacional dos ilustres colexios oficiais de veterinarios de España. Ten, para todos os efectos, a condición de corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

#### Artigo 6. *Funcións.*

Son funcións do Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España:

- a) As atribuídas polo artigo 5 da Lei de colexios profesionais aos colexios oficiais de veterinarios, en canto teñan ámbito ou repercusión nacional ou internacional.
- b) As que sexan de aplicación en virtude do artigo 9 da mesma lei e cantas outras puideren estarlle atribuídas por virtude de disposicións xerais ou especiais.
- c) Exercer a representación exclusiva e a defensa da profesión veterinaria, cando esta suxeita a colexiación obrigatoria, facendo súas as aspiracións lexítimas dela, dentro do ámbito das súas respectivas competencias.
- d) Emitir os informes que lle sexan solicitados pola Administración, colexios de veterinarios e corporacións oficiais respecto a asuntos relacionados cos seus fins ou que acorde formular por propia iniciativa e intervir en todas as cuestións que afecten a veterinaria española, e emitir informe preceptivo sobre calquera outro proxecto de disposición estatal que afecte as condicións xerais do exercicio profesional, entre as cales figuran o ámbito, os títulos oficiais requiridos, as condicións de exercicio e o réxime de incompatibilidades con outras profesións; e emitir informe preceptivo sobre todo proxecto estatal de modificación da lexislación sobre colexios profesionais.
- e) Velar polo prestixio da profesión de veterinario e coidar de ordenar e harmonizar en todo momento a actuación da profesión coas exixencias do interese xeral, e a promoción e realización de actividades de cooperación ao desenvolvemento e axuda humanitaria, tanto no ámbito nacional como internacional.

f) Representar e ser portavoz do conxunto dos ilustres colexios oficiais de veterinarios de España no ámbito estatal e internacional.

g) Defender os dereitos dos colexios oficiais de veterinarios, así como os dos seus colexiados cando para isto sexa requirido polo colexio respectivo ou veña determinado polas leis. O Consello Xeral poderá promover, no cumprimento dos fins devanditos, as accións e recursos que procedan ante as autoridades e xurisdicións competentes, sen prexuízo da lexitimación que corresponda a cada un dos distintos colexios oficiais de veterinarios ou, individualmente, a cada veterinario.

h) Elaborar os estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria, así como as súas modificacións, que serán aprobados polo Goberno. Con carácter previo, deberán ser sometidos á aprobación da Asemblea Xeral de Presidentes deste consello xeral.

i) Establecer as relacións cos organismos e corporacións similares doutros países, así como coas organizacións internacionais, asumindo a representación da veterinaria española nos termos sinalados polo artigo 1.3 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.

j) Dirimir os conflitos que poidan suscitarse entre colexios pertencentes a diferentes comunidades autónomas no ámbito das súas competencias.

k) Resolver os recursos que se interpoñan contra os acordos dos colexios nos termos establecidos nos presentes estatutos xerais, cando así estea previsto nos seus estatutos particulares, o dispoña a correspondente lexislación autonómica e tamén en ausencia de tal lexislación.

l) Cantas funcións redunden en beneficio da protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos colexiados.

m) Establecer modelos de documentos e impresos utilizados na actividade profesional dos veterinarios, sempre que se trate de documentos que deban ser uniformes en todo o territorio nacional e, por tanto, sen prexuízo doutros modelos de documentos que por razón da lexislación autonómica deban existir dentro do territorio da comunidade respectiva e poidan preverse nos estatutos particulares.

n) Adoptar as medidas necesarias para que os colexios cumpran as resolucións do propio Consello Xeral, ditadas en materia da súa competencia, a pedimento dos propios colexios afectados.

ñ) Exercer, no ámbito das súas competencias, as funcións disciplinarias con respecto aos membros das xuntas de goberno dos colexios oficiais de veterinarios, así como respecto aos membros do propio Consello Xeral, nos termos previstos nos presentes estatutos. Igualmente, correspóndelle levar o ficheiro e rexistro, de ámbito estatal, das sancións que afecten os veterinarios.

o) Elaborar e aprobar os seus orzamentos anuais e a súa conta de liquidación, así como a achega equitativa dos colexios oficiais e o seu réxime. Igualmente, poderá subvencionar o réxime económico dos organismos colexiais que o precisen, caso en que estará facultado para verificar que a subvención se destinou á finalidade para que se solicitou.

p) En xeral, en materia económica e sen exclusión ningunha, realizar, respecto ao patrimonio propio do Consello, toda clase de actos de disposición e de gravame e, en especial: 1) administrar bens; 2) pagar e cobrar cantidades; 3) facer efectivos libramentos, dar ou aceptar bens en ou para pagamento; 4) outorgar transaccións, compromisos e renuncias; 5) comprar, vender, retraer e permutar, pura ou condicionalmente, con prezo confesado ou aprazado ou pagado ao contado, toda clase de bens mobles e inmobles, dereitos reais e persoais; 6) disolver comunidades de bens e condominios, declarar obras novas, benfeitorías e exceso de cabida; 7) constituír, aceptar, dividir, allear, gravar, redimir e extinguir usufrutos, servidumes, opcións e arrendamentos inscrites e demais dereitos reais, e exercer todas as facultades derivadas deles; 8) constituír hipotecas; 9) tomar parte en concursos e poxas, facer propostas e aceptar adxudicacións; 10) aceptar a beneficio de inventario e repudiar herdanzas e facer aprobar ou impugnar partillas de herdanza e legar ou recibir legados; 11) contratar, modificar, rescindir e liquidar seguros de todas as clases; 12) operar en caixas oficiais, caixas de aforro e bancos, mesmo o de España e as súas sucursais, facendo canto a lexislación e prácticas bancarias permitan;

seguir, abrir e cancelar contas e cartillas de aforro, contas correntes e de crédito e caixas de seguranza; 13) librar, aceptar, endosar, cobrar, intervir e cobrar letras de cambio e outros efectos; 14) comprar, vender, trocar e peñar valores e cobrar os seus xuros, dividendos e amortizacións, concertar pólizas de crédito, sexa persoal sexa con pignoración de valores, con bancos e establecementos de crédito, mesmo o Banco de España e as súas sucursais, asinando os oportunos documentos; e 15) modificar, transferir, cancelar, retirar e constituír depósitos de efectivo ou valores provisorios ou definitivos.

q) 1) Instar actas notariais de todas as clases; facer, aceptar e contestar notificacións e requirimentos notariais; 2) comparecer ante centros e organismos do Estado, comunidades autónomas, cidades de Ceuta e Melilla, provincia e municipio, xuíces, tribunais, fiscalías, delegacións, comités, xuntas, xurados e comisións, e neles instar, seguir e terminar como demandante, demandado ou en calquera outro concepto toda clase de expedientes, xuízos e procedementos civís, penais, administrativos, contencioso-administrativos, gubernativos, laborais, de todos os graos, xurisdicións e instancias, elevando peticións e exercendo accións e excepcións en calquera procedemento, trámite e recurso, mesmo de casación, prestar cando se requira a ratificación persoal; e outorgar poderes coas facultades que detalle; revogar poderes e substitucións; 3) interpor toda clase de recursos ante a Administración do Estado, das comunidades autónomas, das cidades de Ceuta e Melilla, provincia ou municipios; 4) aceptar, desempeñar e renunciar, dentro do seu ámbito de competencia, mandatos e poderes dos colexios oficiais de veterinarios.

r) Adoptar as medidas conducentes a evitar a intrusión no exercicio profesional, para cuxa persecución, denuncia e, se for o caso, sanción, está o Consello Xeral ampla e especialmente lexitimado, sen prexuízo da iniciativa e competencia de cada colexio.

s) Impedir a competencia desleal e velar pola plena efectividade das leis que regulen as incompatibilidades do exercicio da veterinaria con outras profesións.

t) Formar e manter actualizado o censo de ámbito estatal dos veterinarios españois (altas, baixas, etc.) e dos veterinarios procedentes doutros Estados membros da Unión Europea e de terceiros países, así como o Rexistro Xeral de Sociedades Profesionais, e dar aos datos a publicidade legalmente prevista ou autorizada pola Asemblea Xeral de Presidentes, así como emitir, co visto e prace do presidente, as certificacións que lle sexan solicitadas.

u) Designar representantes da veterinaria para a súa participación nos consellos e organismos consultivos da Administración de ámbito nacional e internacional; cooperar cos poderes públicos na formulación da política sanitaria e alimentaria, participando na elaboración de cantas disposicións afecten a veterinaria de saúde pública, o ambiente, a hixiene alimentaria, a produción e sanidade animal, o desenvolvemento gandeiro, a protección e benestar animal, a protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos seus colexiados e cantas outras disposicións se relacionen con estes fins.

v) Organizar con carácter nacional institucións e servizos de aseguramento, asistencia e previsión para os veterinarios e colaborar coa Administración para a aplicación a estes do sistema de seguridade social máis adecuado.

w) Elaborar e aprobar un código deontolóxico de ámbito estatal de normas ordenadoras do exercicio da profesión veterinaria, o cal terá carácter obrigatorio, e aplicar e interpretar esas normas, velando pola súa observancia e uniforme execución. Estará suxeito ás leis e será accesible de forma telemática, de acordo co disposto na lexislación de colexios profesionais.

x) Colaborar coa función de perfeccionamento profesional participando na elaboración dos plans oficiais de estudos, se son requiridos para isto polos ditos centros, controlando e coadxuvando á docencia de graduados e graduados recentes e formación continuada, e participando na formación e rexistro de especialistas e a súa titulación, conforme o número 2 do artigo 2 da Lei de colexios profesionais.

y) Organizar cantos servizos de asesoramento científico, xurídico, administrativo, laboral e fiscal foren necesarios ou convenientes para a mellor orientación e defensa dos colexios de veterinarios e dos seus colexiados, así como a publicación de cantos medios informativos considere pertinentes; tentar conseguir o maior nivel de emprego dos colexiados, sen prexuízo de declarar a incompatibilidade do exercicio profesional cando, ética e deontoloxicamente, así se considere necesario; impulsar e desenvolver, a través dos colexios oficiais de veterinarios, a mediación, así como desempeñar funcións de arbitraje nacional e internacional de conformidade co establecido na lexislación vixente.

z) Editar os medios de expresión e comunicación do Consello Xeral, que se rexerán pola normativa que exista para o efecto.

Tamén corresponderán ao Consello Xeral, finalmente, cantas outras funcións e prerrogativas estean establecidas nas disposicións vixentes e as que se lle poidan atribuír no futuro.

## CAPÍTULO II

### Constitución e órganos do Consello Xeral

#### Sección 1.<sup>a</sup>

##### Artigo 7. *Constitución.*

O Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España estará integrado pola Asemblea Xeral de Presidentes, pola Xunta Interterritorial e pola Xunta Executiva Permanente.

##### Artigo 8. *Condicións para ser elixible.*

Son condicións de elixibilidade para calquera dos órganos que integran o Consello Xeral encontrarse no exercicio da profesión; non acharse incurso en ningunha das incompatibilidades previstas na Lei de colexios profesionais, nos estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria ou noutras disposicións legais, e ter unha antigüidade de colexiación de, como mínimo, cinco anos, que, ademais, serán ininterrompidos, para calquera dos cargos da Xunta Executiva Permanente, salvo o caso do presidente, para o cal se requirirá unha antigüidade de colexiación mínima de dez anos.

#### Sección 2.<sup>a</sup> *Asemblea Xeral de Presidentes*

##### Artigo 9. *Asemblea Xeral de Presidentes.*

A Asemblea Xeral de Presidentes dos Colexios Oficiais de Veterinarios, órgano supremo do Consello Xeral, estará integrada por:

- a) Un presidente.
- b) Un vicepresidente.
- c) Un secretario xeral.
- d) Os presidentes de todos os colexios oficiais de veterinarios.

##### Artigo 10. *Funcións da Asemblea Xeral de Presidentes dos Colexios Oficiais.*

Corresponderán á Asemblea Xeral, entre outras, as seguintes funcións:

a) Aprobar a liquidación do orzamento e a memoria anual dos correspondentes exercicios económicos do Consello Xeral, que deberá ser redactada polo secretario xeral dentro do primeiro trimestre de cada ano.



- b) Aprobar o orzamento correspondente de ingresos e gastos do Consello Xeral para o exercicio económico seguinte, que deberá ser presentado no último trimestre de cada ano.
- c) Todas aquelas cuestións que pola súa importancia e transcendencia lle sexan sometidas a estudo e aprobación pola Xunta Interterritorial e a Xunta Executiva Permanente.
- d) Ratificar, no ámbito das súas competencias, as sancións que a Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral impoña a membros do propio Consello ou a membros de xunta de goberno do colexio, nos termos previstos nos presentes estatutos xerais.
- e) Aprobar o código deontolóxico para o exercicio da profesión e as súas modificacións.
- f) Aprobar o programa de goberno para o correspondente mandato, a memoria anual de actividades e o informe anual sobre o estado da profesión.
- g) Aprobar os estatutos xerais da profesión, as súas modificacións, os regulamentos de réxime interior e outros de funcionamento.
- h) Exercer e votar a moción de censura contra a Xunta Executiva Permanente ou algún dos seus membros, nos termos previstos nos presentes estatutos.
- i) Votar a cuestión de confianza promovida pola Xunta Executiva Permanente ou por algún dos seus membros, nos termos previstos nos presentes estatutos.

#### Artigo 11. *Reunións da Asemblea Xeral.*

1. A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario tres veces ao ano, sen prexuízo de poder ser convocada polo presidente, con carácter extraordinario, cando a importancia dos asuntos o requira. O presidente deberá convocar a asemblea, tamén con carácter extraordinario, cando así o solicite a metade máis un dos presidentes dos colexios. Na primeira asemblea xeral de cada ano natural, o presidente presentará a memoria de actividades do ano anterior e un informe sobre o estado da profesión.

2. As convocatorias para a reunión da Asemblea Xeral serán feitas pola secretaría, precedendo mandado da presidencia, con vinte días naturais de anticipación, ao menos, salvo casos de urxencia, en que poderán convocarse por calquera medio de comunicación con corenta e oito horas de anticipación.

3. As convocatorias formularanse por escrito e irán acompañadas da orde do día correspondente. Na convocatoria farase constar, se procede, a celebración da sesión en segunda convocatoria, sen que poida mediar entre a primeira e segunda convocatoria da reunión un prazo inferior a media hora.

4. Quedará validamente constituída a Asemblea en primeira convocatoria cando concorra a maioría dos seus membros. Quedará validamente constituída en segunda convocatoria cando asista, como mínimo, un terzo dos compoñentes da Asemblea. En ambas as convocatorias deberá estar presente, necesariamente para a validez dos acordos adoptados, tamén o presidente e o secretario xeral, ou persoas en quen estes deleguen.

5. As reunións da Asemblea Xeral non son públicas. Non serán admitidos os votos delegados e admitirase, no entanto, a representación debidamente acreditada. Os acordos adoptaranse por maioría simple dos asistentes. Poderá convocarse, con carácter asesor, calquera persoa que a Xunta considere idónea. O presidente terá voto de calidade en caso de empate na votación. Prohíbese adoptar acordos respecto a asuntos que non figuren na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros da Asemblea Xeral e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

#### Artigo 12. *Da moción de censura.*

1. O voto de censura á Xunta Executiva Permanente ou a algún dos seus membros competará sempre á Asemblea Xeral extraordinaria de Presidentes, convocada unicamente para este efecto.

2. A solicitude desa convocatoria de Asemblea Xeral extraordinaria de Presidentes requirirá a sinatura dun mínimo da metade máis un dos presidentes de colexios que a integran. A solicitude deberá expresar con clarezas as razóns ou motivos en que se funde.

3. A Asemblea Xeral extraordinaria de Presidentes deberase celebrar dentro dos trinta días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se presentase a solicitude e non poderán tratarse nela máis asuntos que os expresados na convocatoria.

4. Para que o voto de censura sexa aprobado e se produza o conseguinte cesamento da Xunta Executiva Permanente ou do membro deste órgano a quen afecte, será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes da totalidade dos presidentes de colexios integrantes da Asemblea Xeral.

Se o voto de censura for aprobado pola maioría referida no parágrafo anterior, convocaranse eleccións na forma prevista nos presentes estatutos xerais.

#### Artigo 13. *Da cuestión de confianza.*

1. A Xunta Executiva Permanente ou calquera dos seus membros poden presentar ante a Asemblea Xeral de Presidentes a cuestión de confianza sobre o seu programa de actuacións, se o consideraren contestado maioritariamente ou sobre a súa actuación no desempeño das súas funcións.

2. O outorgamento ou rexeitamento da confianza competeerá sempre á Asemblea Xeral extraordinaria de Presidentes, convocada unicamente para este efecto pola Xunta Executiva Permanente do Consello, por acordo desta ou por petición daquel dos seus membros que desexe presentar individualmente a cuestión de confianza.

3. A confianza entenderase outorgada cando vote a favor a maioría simple dos asistentes, nos termos previstos no artigo 11 dos presentes estatutos.

#### *Sección 3.<sup>a</sup> Xunta Interterritorial*

#### Artigo 14. *Xunta Interterritorial do Consello Xeral.*

1. A Xunta Interterritorial do Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España estará integrada por:

- a) O presidente.
- b) O secretario xeral.
- c) Un conselleiro integrante da Xunta Executiva Permanente.
- d) Un representante por cada unha das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, que deberá ter a condición de presidente do consello de colexios da comunidade autónoma que corresponda (ou persoa que legalmente o represente) ou, na súa falta, que será designado de acordo co sistema de elección que para o efecto estea establecido nos estatutos particulares dos citados colexios e nos do consello de colexios da comunidade autónoma, se for o caso.

2. Na falta de tal previsión estatutaria, o representante será elixido mediante votación persoal dos presidentes de colexios das provincias que integran a comunidade autónoma.

3. Caso de existir un só colexio de veterinarios na comunidade autónoma ou nas cidades de Ceuta e Melilla, o seu presidente formará parte directamente deste órgano como representante dela.

#### Artigo 15. *Reunións da Xunta Interterritorial do Consello Xeral.*

1. A Xunta Interterritorial do Consello Xeral reunirase ordinariamente tres veces ao ano, sen prexuízo de que, cando os asuntos o requiriran, a xuízo do presidente, o efectúe con maior frecuencia.

2. Tamén se reunirá con carácter extraordinario cando o soliciten ao menos os representantes de sete comunidades autónomas, que deberán motivar a petición e acompañala da correspondente orde do día para a sesión cuxa convocatoria solicitan.

3. As convocatorias da Xunta Interterritorial, coa orde do día, cursaranse con vinte días naturais de anticipación ao menos, salvo casos de urxencia, en que poderán convocarse con corenta e oito horas de anticipación e, obrigatoriamente, por escrito ou por calquera medio de comunicación. Do contido da orde do día darase conta a todos os colexios.

4. Na convocatoria farase constar, se procede, a celebración da sesión en segunda convocatoria, sen que poida mediar entre a primeira e a segunda convocatoria da reunión un prazo inferior a media hora.

5. A Xunta Interterritorial poderá trasladar á decisión da Asemblea cuestións que sexan da súa competencia. Os acordos adoptaranse por maioría simple. Prohíbese adoptar acordos respecto a asuntos que non figuren na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros da Xunta Interterritorial e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

En calquera caso, para que os acordos se consideren válidos en primeira convocatoria, debe asistir á reunión a metade máis un dos seus membros.

Serán válidos os acordos adoptados na segunda convocatoria cando asistan, como mínimo, unha terceira parte dos compoñentes da Xunta Interterritorial. En ambas as convocatorias deberá estar presente, necesariamente, para a validez dos acordos adoptados, tamén o presidente e o secretario xeral, ou as persoas en quen estes deleguen.

6. A Xunta Interterritorial poderá convocar, con carácter asesor, calquera persoa que considere idónea. Cando o asunto obxecto de debate afecte algunha das áreas de xestión encomendadas a calquera dos conselleiros integrantes da Xunta Executiva Permanente que non formen parte, ademais, da Xunta Interterritorial, este deberá asistir á sesión de que se trate, ben que o fará con voz pero sen voto.

7. As reunións da Xunta Interterritorial non son públicas. A asistencia e o exercicio de dereitos políticos na Xunta Interterritorial é persoal, e non se admiten delegacións en representantes doutras comunidades autónomas. Admitirase, no entanto, a representación debidamente acreditada, de conformidade cos estatutos particulares dos colexios e do consello de colexios da comunidade autónoma, se for o caso, a través doutro membro do órgano de goberno do consello autonómico respectivo ou do de calquera colexio da mesma comunidade autónoma.

8. Das actas das reunións darase traslado a todos os colexios oficiais de veterinarios.

9. Corresponde á Xunta Interterritorial:

a) Coordinar os intereses dos distintos colexios oficiais de veterinarios (sempre que se achen implicados colexios pertencentes a diferentes comunidades autónomas) e dos consellos de colexios das comunidades autónomas, cando for caso.

b) Ser o órgano de comunicación e información das corporacións das distintas comunidades autónomas, no cal deberán debaterse en común as cuestións de política profesional ou doutra índole de cada un dos territorios autonómicos e as que afecten todo o territorio nacional.

c) Trasladar as propostas en materias da súa competencia á Xunta Executiva Permanente ou á Asemblea Xeral de Presidentes, segundo proceda.

#### *Sección 4.<sup>a</sup> Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral*

##### *Artigo 16. Elección do presidente, vicepresidente e secretario xeral.*

O presidente, o vicepresidente e o secretario xeral serán elixidos por todos os presidentes dos colexios oficiais de veterinarios de España ou por quen estatutariamente os represente, de entre os presidentes de colexio integrantes da Asemblea Xeral que

cumpran os requisitos do artigo 8. Será tamén elixible, ademais dos anteriores, quen exerza o cargo de presidente do Consello Xeral cando opte á reelección.

Con independencia do disposto no parágrafo anterior, no caso particular do presidente do Consello Xeral será elixible tamén calquera entre todos os colexiados sempre que, ao menos, teña unha antigüidade de colexiación mínima de dez anos e presente a súa candidatura coa sinatura de quince presidentes de colexios.

*Artigo 17. Elección dos conselleiros da Xunta Executiva Permanente.*

De entre os membros da Asemblea Xeral de Presidentes e tamén polos seus integrantes serán elixidos os conselleiros da Xunta Executiva Permanente, en número de oito, que asumirán a titularidade das distintas seccións.

*Artigo 18. Cesamento dos membros da Xunta Executiva Permanente.*

Os membros da Xunta Executiva Permanente cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:

- a) Condena por sentenza firme que leve consigo a inhabilitación absoluta ou especial para cargo público.
- b) Sanción disciplinaria firme pola comisión de falta moi grave.
- c) Perda da confianza do presidente razoada ante a Asemblea Xeral e após a aprobación desta.
- d) Faltas de asistencia durante tres reunións consecutivas da Xunta Executiva, sen causa xustificada.
- e) A denegación por parte da Asemblea Xeral de Presidentes da confianza nos termos previstos nos presentes estatutos.
- f) A aprobación da moción de censura nos termos previstos nos presentes estatutos.
- g) Perda das condicións de elixibilidade expresadas nos artigos 8 e 16.
- h) Renuncia expresa do interesado ante a Asemblea Xeral de Presidentes.
- i) Expiración ou termo do prazo para que foron elixidos.
- j) Por nomeamento para un cargo político de carácter executivo do Goberno ou da Administración xeral do Estado, autonómica, local ou institucional, ou para calquera outro que estea afecto pola lexislación estatal ou autonómica vixente en materia de incompatibilidades.

Se durante o mandato dos membros da Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral se producir algunha vacante, esta deberá notificarse á Asemblea Xeral e cubrirse mediante a elección dun substituto, presidente de colexio, no prazo de seis meses, na forma prevista nos presentes estatutos xerais. A Xunta Executiva Permanente, coa ratificación da Asemblea Xeral de Presidentes, designará, se o considera oportuno, un substituto con carácter interino, até que se verifique a convocatoria de eleccións, no prazo antes citado.

Unha vez que se verifique a elección, o electo permanecerá no seu cargo até que se esgote o mandato electoral para que foron elixidos o resto dos membros da Xunta, incluído o que causou a vacante.

*Artigo 19. Convocatoria de eleccións aos cargos da Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral.*

O Consello Xeral convocará as eleccións aos cargos da Xunta Executiva Permanente con, ao menos, unha anticipación de dous meses antes de que se produza a expiración do mandato. O acordo comunicárase aos colexios por escrito. As candidaturas respectivas serán abertas e deberán estar ao dispor do Consello con trinta días de anticipación á data en que se deban celebrar as eleccións. Nos cinco días seguintes, o Consello Xeral comunicará aos colexios os candidatos que, por reuniren os requisitos oportunos, foron proclamados.

Serán proclamados candidatos todos os que, reunindo as circunstancias aludidas no artigo 8, expresen por escrito, ante o órgano que os deba elixir, o seu expreso desexo de presentarse para a elección e o cargo a que queiran optar.

Unha vez convocado o proceso electoral, a Xunta Executiva Permanente completa pasará á situación de «*en funcións*» e non poderá adoptar acordos que comprometan orzamentariamente o futuro equipo que se forme como consecuencia do proceso electoral iniciado.

#### Artigo 20. *Procedemento electoral.*

A elección para os cargos da Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral efectuarase por votación persoal na sede do Consello, conforme os artigos precedentes e de acordo coa normativa electoral que regulamentariamente aprobe a Organización Colexial Veterinaria. Aceptarase a representación debidamente acreditada do presidente do colexio respectivo por calquera dos membros da xunta de goberno correspondente, pero en ningún caso a delegación no presidente ou calquera membro de xunta de goberno pertencentes a outro colexio. Excepcionalmente, e por acordo da Xunta Executiva Permanente, a elección poderá realizarse noutro lugar que reúna as condicións de solemnidade que o acto require.

A mesa electoral no Consello Xeral estará constituída no día e hora que se fixe na convocatoria e estará conformada por tres presidentes de colexio e os seus respectivos suplentes, cuxa designación se fará por sorteo, sendo obrigatoria a aceptación. Cada un dos candidatos poderá, ademais, designar un interventor para que forme parte da mesa.

Actuarán de presidente e secretario da mesa electoral os presidentes colexiais de maior e menor idade, respectivamente, dos seus compoñentes elixidos na forma devandita.

Finalizada a votación, procederase seguidamente ao escrutinio dos votos obtidos por cada candidato aos cargos obxecto da elección, concluído o cal, o presidente da mesa proclamará os que resulten electos por maioría simple. Do desenvolvemento da votación e do resultado do escrutinio elaborárase acta seguidamente, e nela debe figurar a relación nominal dos votos emitidos.

Remítirase unha copia da acta a todos os colexios oficiais de veterinarios.

#### Artigo 21. *Posesión e duración dos cargos.*

Realizada a proclamación dos cargos da Xunta Executiva Permanente electos, reunirase a Asemblea Xeral de Presidentes en sesión extraordinaria, na cal se procederá á substitución presidencial e do resto dos cargos en acto protocolario, dirixido polo presidente saínte; se este repetir no cargo, a investidura correrá a cargo do presidente colexial de maior idade, auxiliado polo máis novo.

O mandato dos elixidos membros da Xunta Executiva Permanente será de seis anos, computados a partir da data da súa toma de posesión, e poderán ser reelixidos. No caso do presidente do Consello, o que resulte elixido deberá cesar na súa condición de presidente de colexio, o que non lle impedirá ser reelixido presidente do Consello Xeral en elección sucesiva, aínda que xa non teña o cargo de presidente de colexio.

No mesmo acto o presidente electo delimitará as áreas de xestión e competencias correspondentes a cada un dos membros electos da Xunta Executiva Permanente que lle corresponde presidir, e presentará tamén as liñas básicas do seu programa.

#### Artigo 22. *Reunións da Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral.*

1. A Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral reunirase ordinariamente unha vez ao mes, sen prexuízo de que, cando os asuntos o requiran, a xuízo do presidente ou da maioría dos seus membros integrantes, o efectúe con carácter extraordinario.

2. As convocatorias da Xunta Executiva Permanente cursaranse con cinco días naturais de anticipación, ao menos, e, obrigatoriedade, por escrito ou por calquera medio

de comunicación. Na citación farase constar a celebración da sesión en primeira e segunda convocatoria, sen que poida mediar un prazo inferior a media hora entre ambas.

3. Quedará validamente constituída a Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral en primeira convocatoria cando estean presentes a metade máis un dos seus membros e en segunda convocatoria cando concorran á sesión, ao menos, unha terceira parte dos membros da Xunta Executiva Permanente. En ambas as convocatorias deberá estar presente, necesariamente, para a validez dos acordos adoptados, tamén o presidente e o secretario xeral, ou persoas en quen estes deleguen.

4. A Xunta Executiva Permanente preparará as materias que deban ser tratadas pola Asemblea, resolverá as cuestións administrativas regulamentarias e atenderá os asuntos urxentes. As súas reunións non son públicas.

5. Os acordos adoptaranse por maioría simple dos asistentes. O presidente terá voto de calidade en caso de empate. Non se admiten delegacións para a asistencia ás reunións. Prohibese adoptar acordos respecto a asuntos que non figuren na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros da Xunta Executiva Permanente e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

6. Poderá convocarse, con carácter asesor, calquera persoa que a Xunta considere idónea.

#### Artigo 23. *Funcións da Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral.*

Corresponderán á Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Aprobar a compravenda polo Consello de toda clase de bens mobles e inmobles até un límite do 5 por cento do orzamento anual.
- b) Acordar a convocatoria da Xunta Interterritorial e a Asemblea Xeral en sesión extraordinaria naqueles casos en que a índole dos asuntos así o requira.
- c) Resolver os expedientes de todas as clases, así como os recursos que ante o Consello Xeral se interpoñan, nos supostos previstos nos presentes estatutos.
- d) Facer cumprir aos colexios as obrigas que lles incumben de acordo cos presentes estatutos.
- e) Realizar todas aquelas xestións que lle sexan encomendadas pola Xunta Interterritorial e a Asemblea e as necesarias para a coordinación do funcionamento da Organización Colexial.
- f) Preparar e presentar para que os aprobe a Asemblea os orzamentos de ingresos e gastos e as súas liquidacións.
- g) Informar a Xunta Interterritorial e Asemblea Xeral de cantas cuestións sexan de interese.
- h) Vixiar o cumprimento do código deontolóxico para o exercicio da profesión veterinaria e adoptar todas as resolucións que procedan.
- i) Exercer a función disciplinaria en relación cos membros dos órganos de goberno da Organización Colexial Veterinaria nos termos previstos no título VII dos presentes estatutos.
- j) Xestionar o programa de goberno aprobado pola Asemblea Xeral.
- k) Calquera outra función non atribuída á Xunta Interterritorial ou á Asemblea Xeral.

#### Artigo 24. *Remuneración dos cargos.*

Todos os cargos do Consello Xeral son gratuítos e carecen, por tanto, de soldos ou emolumentos.

No entanto, por razóns xustificadas e por proposta da Xunta Executiva Permanente, a Asemblea Xeral de Presidentes poderá aprobar o aboamento de axudas de custos ou outras compensacións para algún ou algúns dos compoñentes da Xunta Executiva Permanente.

*Sección 5.ª Membros da Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral**Artigo 25. Presidente.*

1. Corresponde ao presidente ter a representación máxima da Organización Colexial Veterinaria no ámbito estatal e internacional e estalle asignado o exercicio de cantos dereitos e funcións lle atribúen a Lei de colexios profesionais e estes estatutos en todas as relacións cos poderes públicos, entidades, corporacións e persoas xurídicas ou físicas de calquera orde, sempre que se trate de materias que entrañen carácter xeral para a profesión; exercer as accións que correspondan, en defensa dos dereitos dos colexiados, ante os tribunais de xustiza e autoridades de toda clase; autorizar os informes e comunicacións que se deban cursar e executar ou facer que se executen os acordos que a Asemblea Xeral, a Xunta Interterritorial ou a Xunta Executiva Permanente, se for o caso, adopten.

2. Convocará, presidirá e fechará as sesións da Asemblea Xeral de Presidentes, da Xunta Interterritorial e da Xunta Executiva Permanente; manterá a orde e o uso da palabra e decidirá os empates nas votacións. Autorizará as actas e certificados que procedan e presidirá, por si ou por delegación súa, cantas comisións se designen, así como tamén calquera xunta, reunión ou sesión a que asista. Responsabilizarase da oficina de prensa do Consello Xeral.

3. Visará os libramentos para o investimento de fondos e talóns necesarios para o movemento das contas abertas a nome do Consello que expida o conselleiro da sección económica.

4. Visará os escritos, documentos, certificados e informes, etc., do Consello que non sexan de mero trámite.

O cargo de presidente será gratuito. No entanto, nos orzamentos anuais fixaranse as partidas necesarias para atender os gastos de representación da presidencia do Consello.

5. Ademais do exercicio das precedentes atribucións inherentes ao seu cargo, esforzarse en manter a maior harmonía e irmandade entre os colexiados, procurando que todo litixio entre eles, sexa cal for a índole ou natureza, se resolva dentro da Organización Colexial e velando porque as actuacións do Consello, dos consellos autonómicos, se for o caso, e dos colexios se adecuen aos fins da colexiación.

6. Nomeará, por proposta da Xunta Executiva Permanente, as comisións, comisións relatoras e grupos de traballo que considere necesarios para o mellor desenvolvemento da función colexial e o estudo dos asuntos ou intereses que competen ao Consello Xeral.

*Artigo 26. Vicepresidente.*

O vicepresidente levará a cabo todas aquelas funcións que lle confira o presidente e asumirá as deste en caso de ausencia, enfermidade ou vacante.

Vacante a presidencia, desempeñaraa o vicepresidente ata que se cubra a vacante de acordo co establecido nos presentes estatutos xerais, situación que se deberá comunicar aos membros da Asemblea Xeral de Presidentes de Colexios.

*Artigo 27. Secretario xeral.*

1. É de competencia do secretario xeral:

a) Executar os acordos da Asemblea Xeral, da Xunta Interterritorial e da Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral, así como as resolucións que, conforme os estatutos, dite a presidencia.

b) Informar o Consello e os seus membros, con facultade de iniciativa, en todos cantos asuntos sexan de competencia do propio Consello Xeral.

c) Realizar todas aquelas actividades tendentes aos fins sinalados nas alíneas anteriores.

d) Auxiliar na súa misión o presidente e orientar e promover cantas iniciativas de orde técnico-profesional se presenten.

e) Elaborar as actas das xuntas da Asemblea Xeral, da Xunta Interterritorial e da Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral; dar conta das inmediatamente anteriores, para a súa aprobación, se for o caso, e emitir informe, se procede, sobre os asuntos que en tales reunións deban tratarse e lle encomende o presidente.

f) Levar os libros de actas necesarios, expedir e autorizar os certificados que procedan, así como as comunicacións ordinarias e circulares que fosen autorizadas pola Asemblea Xeral, a Xunta Interterritorial, a Xunta Executiva Permanente ou o presidente.

g) Formar o censo de colexiados de España inscritos en cada un dos colexios e levar un ficheiro-rexistro de todos aqueles que o constitúan, así como o Rexistro Xeral de Sociedades Profesionais, e dar aos datos a publicidade legalmente prevista ou autorizada pola Asemblea Xeral de Presidentes, así como emitir, co visto e prace do presidente, as certificacións que lle sexan solicitadas.

h) Propor e xestionar cantos asuntos conduzan á boa marcha administrativa.

i) Dirixir os servizos que os estatutos lle atribúen e calquera outro que a Xunta Executiva Permanente do Consello lle encomende. Asumirá a xefatura de persoal e das dependencias do Consello Xeral e actuará con plenitude de atribucións no exercicio das funcións propias do seu cargo. Para isto poderá oír as orientacións e informes que, segundo a natureza dos asuntos para resolver, lle faciliten a Oficialía Maior e a Asesoría Xurídica, e calquera que considere pertinente pedir.

j) Conservar e actualizar, coa información recibida dos distintos conselleiros de sección, un ficheiro onde consten os premios, recompensas e distincións de calquera clase outorgados polo Consello Xeral.

k) Redactar a memoria anual de acordo cos informes escritos que lle remitan os integrantes da Xunta Executiva Permanente en relación coas misións e actividades desempeñados por cada un deles.

2. O cargo de secretario será exercido gratuitamente. No entanto, os orzamentos do Consello Xeral consignarán as partidas precisas para atender os gastos inherentes ao cargo, pola necesidade dunha maior dedicación nas súas actividades.

Para colaborar nas tarefas que lle encomende o secretario xeral, poderá existir un vicesecretario, que asumirá as funcións daquel en caso de ausencia, enfermidade ou vacante.

Será nomeado pola Xunta Executiva Permanente por proposta do secretario xeral e terá dedicación e compensación adecuadas.

#### Artigo 28. *Conselleiros membros da Xunta Executiva Permanente.*

No momento do seu nomeamento seranlles asignadas as funcións e competencias da área de xestión que lles encomende o presidente electo. Estas funcións comunicaranse á Asemblea Xeral, para o coñecemento e oportuno control.

#### Artigo 29. *Comisións.*

1. No Consello Xeral poderán existir comisións, con finalidade exclusivamente asesora, sobre cuxa creación, funcións e desenvolvemento se informará a Asemblea Xeral de Presidentes.

2. En todo caso, no Consello existirá unha comisión deontolóxica que asesorará as comisións deontolóxicas colexiais e as xuntas de goberno dos colexios, por petición destes.

3. Cada unha destas comisións será presidida polo presidente ou conselleiro en quen este delegue, e actuará como secretario o secretario xeral do Consello ou colexiado en quen este delegue. Os seus membros deberán ser colexiados.

4. As comisións estarán integradas polos veterinarios que, por proposta do conselleiro coordinador correspondente, sexan nomeados pola Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral.



5. Os estudos, propostas e conclusións de cada comisión serán remitidos á Xunta Executiva Permanente, a cal decidirá se deben ser expostos e defendidos, se for o caso, polo membro que designe a comisión correspondente ante a Asemblea Xeral.

6. Os informes e propostas da súa competencia emitidos por esta comisión serán expostos ante a Xunta Executiva Permanente do Consello polo representante-coordinador ou o membro da comisión designado por ela, e logo de aprobación da Asemblea Xeral do Consello, terán carácter vinculante.

7. A programación dos temas obxecto de estudo poderá ser proposta pola propia comisión ou polo presidente do Consello.

8. Habilitaranse os medios económicos necesarios para o desenvolvemento dos programas de traballo, cuxa contía será aprobada pola Asemblea Xeral de Presidentes dos Colexios.

9. Cando os temas que se vaian tratar nunha comisión estean relacionados coa área de competencia doutra ou outras comisións, efectuarase a coordinación necesaria para unha maior efectividade.

#### Artigo 30. *Delegados e delegacións.*

1. A Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral, por proposta do presidente, poderá nomear, de entre os veterinarios colexiados, delegados para o desenvolvemento de distintas áreas da profesión veterinaria.

2. Inicialmente, e sen prexuízo de que poidan nomearse novos delegados e/ou delegacións para áreas de actuación distintas, a Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral poderá nomear, de conformidade co previsto no parágrafo primeiro deste artigo, delegados e/ou delegacións para as seguintes áreas de actividades:

a) Relacións internacionais, que dependerá directamente da Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral.

b) Formación continuada, que dependerá directamente da Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral.

3. Todos e cada un dos delegados informarán a Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral do proxecto de actividades que se realizarán e do resultado das realizadas coa supervisión do conselleiro de quen dependan ou do presidente, se for o caso, en todas as sesións do citado órgano de Goberno onde se vaian tratar cuestións da súa competencia.

4. Os delegados das distintas áreas de actividades terán as funcións que lles encomende a Xunta Executiva Permanente con base nas propostas que realicen os conselleiros de sección de quen dependan ou o presidente, se for o caso.

5. Dos nomeamentos dos delegados e das funcións encomendadas informarase, preceptivamente, a Asemblea Xeral de Presidentes.

### CAPÍTULO III

#### **Persoal do Consello Xeral**

#### Artigo 31. *Dereitos e obrigas.*

Os dereitos e obrigas do persoal do Consello Xeral serán os recoñecidos e declarados na lexislación laboral vixente.

#### Artigo 32. *Nomeamento.*

1. Os nomeamentos, separacións, cesamentos e destitucións do persoal do Consello Xeral serán feitos pola Xunta Executiva Permanente, por proposta elevada polo secretario do Consello, na súa calidade de xefe de persoal, dando coñecemento á Asemblea Xeral de Presidentes.

2. O procedemento das ditas medidas, así como as sancións e correccións disciplinarias, será o consignado na normativa laboral pertinente. Para toda a tramitación oficial respecto do persoal do Consello Xeral, considerarase o presidente do Consello Xeral como xefe de empresa laboral e o secretario xeral como xefe de persoal da dita empresa.

Artigo 33. *Prestacións sociais.*

O dito persoal poderá ter acceso, con carácter voluntario e precedendo ditame da Xunta Executiva Permanente, ás prestacións sociais da Organización Colexial.

Artigo 34. *Xerente.*

A Xunta Executiva Permanente, se o achar oportuno, poderá propor á Asemblea Xeral de Presidentes o nomeamento, mediante o procedemento máis adecuado, dun xerente que asuma a xestión diaria dos diferentes acordos adoptados e de todas aquelas xestións que se lle encomenden.

O xerente será un cargo remunerado, ligado ao Consello Xeral por unha relación laboral de alta dirección, e será seleccionado preferentemente entre os colexiados.

Artigo 35. *Oficial maior do Consello.*

Existirá, ás ordes do secretario xeral, un oficial maior cuxas funcións son a distribución do traballo, o mantemento da disciplina e a determinación do réxime interior, e cantas funcións lle sexan encomendadas polo secretario xeral. O seu nomeamento incumbe á Xunta Executiva Permanente, por proposta do presidente do Consello.

Artigo 36. *Asesoría Xurídica do Consello Xeral.*

A Asesoría Xurídica informará, en dereito, de toda clase de expedientes e recursos e atenderá cantas consultas lle formulen os colexios sobre a interpretación de disposicións oficiais, normas ditadas e proxectos en que se considere pertinente o seu ditame.

A designación da Asesoría Xurídica corresponde á Xunta Executiva Permanente.

Artigo 37. *Asesoría Fiscal do Consello Xeral.*

A Asesoría Fiscal do Consello Xeral informará en materia orzamentaria, contable, de obrigas mercantís, fiscais e laborais, e atenderá cantas consultas lle formulen os colexios acerca da interpretación de disposicións e normas nesta materia que os afecten.

A designación da Asesoría Fiscal corresponde á Xunta Executiva Permanente.

### TÍTULO III

## Os colexios oficiais de veterinarios

### CAPÍTULO I

#### Constitución e órganos de goberno

Artigo 38. *Estatutos particulares.*

1. Os colexios oficiais de veterinarios elaborarán os seus estatutos particulares consoante as normas estatais e autonómicas e notificaranse ao Consello Xeral.

2. Os estatutos particulares deberán someterse á normativa básica estatal e non contravir o establecido nos estatutos xerais.

3. Aqueles colexios oficiais de veterinarios que non elaborasen os seus estatutos particulares rexeranse polas disposicións contidas nos presentes estatutos xerais.

Artigo 39. *Órganos de goberno.*

Os órganos de goberno dos colexios oficiais de veterinarios son:

- a) A xunta de goberno.
- b) A asemblea xeral de colexiados.

Artigo 40. *Xuntas de goberno.*

1. As xuntas de goberno son os órganos reitores dos colexios e estarán constituídas por:

- a) Un presidente.
- b) Un secretario.
- c) Catro vogais.

2. Os estatutos particulares de cada colexio poderán ampliar ou reducir o citado número de vogais conforme as súas peculiaridades.

3. Por proposta do presidente, a Xunta de Goberno designará un vicepresidente de entre os vogais elixidos. Nos colexios poderá existir, ademais, un vicesecretario, que colaborará nas tarefas que lle encomende o secretario, o cal substituirá en casos de ausencia, enfermidade ou vacante.

4. Igualmente, poderá existir un representante da facultade de veterinaria naquelas circunscripcións territoriais en que exista, que deberá ter a condición de colexiado. Este representante será designado pola facultade correspondente e asistirá ás reunións en que se traten cuestións da súa competencia, sen dereito de voto.

Artigo 41. *Condicións para ser elixible.*

Para todos os cargos serán condicións para ser elixible encontrarse no exercicio da profesión, estar ao día no aboamento das cotas e demais obrigas estatutarias e non estar incurso en ningunha das incompatibilidades previstas na Lei de colexios profesionais, nos estatutos xerais da Organización Colexial Veterinaria e en cantas disposicións se diten con carácter xeral.

Para o cargo de presidente, ademais, será preciso ter unha antigüidade de cinco anos, como mínimo, de colexiación ininterrompida.

Artigo 42. *Forma de elección.*

Todos os colexiados con dereito a voto elixirán de entre eles o presidente, o secretario, os catro vogais e, se for o caso, o vicesecretario. O presidente, unha vez elixidos os integrantes da Xunta de Goberno, establecerá as áreas de xestión e competencias que se asignan a cada un dos vogais elixidos, de conformidade co disposto no respectivo estatuto particular.

Para exercer o dereito de sufraxio activo e pasivo os colexiados deberán estar ao día nas súas obrigas estatutarias con anterioridade ao momento en que se acorde a convocatoria.

Artigo 43. *Convocatoria.*

A xunta de goberno do colexio convocará oportunamente as eleccións para a renovación dos cargos, do cal dará a debida publicidade, sinalando na convocatoria os prazos para a súa celebración. As candidaturas poderán presentarse no prazo de trinta días a partir do día seguinte ao da adopción do acordo de convocatoria de eleccións.

Artigo 44. *Candidatos.*

Os candidatos deberán reunir os requisitos que sinala o artigo 41 destes estatutos e solicitalo por escrito á xunta de goberno do colexio. A solicitude poderá facerse en forma individual ou en candidatura conxunta.

Artigo 45. *Aprobación das candidaturas.*

1. Ao día seguinte da expiración do prazo para a presentación de candidaturas, a xunta de goberno do colexio reunirse en sesión extraordinaria e proclamará a relación dos candidatos que reúnan as condicións de elixibilidade, do cal dará conta ao Consello Xeral. As votacións terán lugar a partir dos vinte días naturais seguintes.

2. Queda prohibida toda actividade electoral que implique descrédito ou falta de respecto persoal aos demais candidatos e que estea en desacordo cos principios de carácter deontolóxico, de obrigada aplicación en todo o territorio nacional. O seu incumprimento significará a depuración da correspondente responsabilidade deontolóxica.

Artigo 46. *Procedemento electivo.*

1. A elección dos membros das xuntas de goberno será por votación, na cal poderán tomar parte todos os colexiados con dereito a voto, conforme o disposto nestes estatutos.

2. O voto deberá ser emitido persoalmente ou por correo certificado, de acordo coas normas electorais que para cada caso aprobe o propio colexio.

3. A mesa electoral estará constituída, no día e hora que se fixen na convocatoria, por tres colexiados e os seus respectivos suplentes, cuxa designación se fará por sorteo, sendo obrigatoria a aceptación. O presidente da mesa e o seu suplente serán designados pola xunta de goberno. O colexiado de menos idade actuará de secretario. Calquera candidato poderá nomear un interventor.

4. Serán nulos todos os votos recaídos en persoas que non figuren nas candidaturas aprobadas, así como as papeletas que conteñan frases ou expresións distintas do nome e cargo do candidato proposto. Finalizada a votación, procederase seguidamente ao escrutinio dos votos obtidos por cada candidato, concluído o cal, o presidente da mesa proclamará os que resulten electos.

5. Do desenvolvemento da votación e do resultado do escrutinio elaborárase acta seguidamente, asinada por todos os membros da mesa, que se elevará ao Consello Xeral e ao consello autonómico, se for o caso, para o seu coñecemento. O colexio expedirá os correspondentes nomeamentos aos que obtivesen maioría de votos, os cales tomarán posesión dos seus novos cargos no prazo máximo de quince días, contados desde o seguinte a aquel en que resultaren elixidos.

Artigo 47. *Duración do mandato e causas do cesamento.*

1. Todos os nomeamentos de cargos directivos terán un mandato de actuación de seis anos e poden ser reelixidos.

2. Os membros das xuntas de goberno dos colexios oficiais de veterinarios cesarán polas causas seguintes:

- a) Expiración ou termo do prazo para o cal foron elixidos.
- b) Renuncia do interesado.
- c) Condena por sentenza firme que leve unida a inhabilitación absoluta ou especial para cargo público.
- d) Sanción disciplinaria firme por falta grave ou moi grave.
- e) Perda das condicións de elixibilidade expresadas nos artigos 41 e 42.
- f) A denegación por parte da asemblea xeral de colexiados da confianza nos termos previstos nos presentes estatutos.
- g) A aprobación da moción de censura nos termos previstos nos presentes estatutos.

h) Por nomeamento para un cargo político de carácter executivo do Goberno ou da Administración xeral do Estado, autonómica, local ou institucional, ou para calquera outro que estea afecto pola lexislación estatal ou autonómica vixente en materia de incompatibilidades.

3. O Consello Xeral de Colexios Veterinarios adoptará as medidas que considere convenientes para completar provisoriamente as xuntas de goberno dos colexios cando se produza o cesamento de máis da metade dos cargos daquelas. A xunta provisoria así constituída exercerá as súas funcións até que tomen posesión os designados en virtude de elección, que se celebrará conforme as disposicións destes estatutos, nun período máximo de seis meses.

4. Cando as vacantes que se produzan na xunta de goberno afecten menos da metade dos seus cargos, a propia xunta designará o substituto, con carácter interino, até que se verifique a convocatoria de novas eleccións, no prazo máximo de seis meses. Ao cubrirse calquera destes cargos nos supostos referidos, a duración deles alcanzará soamente até o próximo período electoral.

A provisión do novo membro da xunta de goberno deberá comunicarse ao Consello Xeral dentro dos quince días naturais seguintes.

#### Artigo 48. *Reunións da Xunta de Goberno.*

1. A Xunta de Goberno reunirse ordinariamente unha vez ao mes e con carácter extraordinario cando os asuntos o requiran ou o soliciten por escrito tres dos seus membros.

2. As convocatorias serán feitas pola secretaría, logo de mandado da presidencia, que fixará a orde do día con corenta e oito horas de anticipación, polo menos. Formularanse por escrito e notificaranse aos seus membros xunto á orde do día correspondente. O presidente terá facultade para convocar en calquera momento a xunta de goberno cando as circunstancias así o exixan.

3. Para que poidan adoptarse validamente acordos en primeira convocatoria, será requisito indispensable que concorra a maioría dos membros que integran a xunta de goberno. En segunda convocatoria será suficiente con, ao menos, unha terceira parte dos membros da xunta de goberno. Os acordos adoptaranse por maioría simple. En caso de empate na votación, decidirá, con voto de calidade, o presidente.

Entre a celebración da sesión en primeira e segunda convocatoria mediará un intervalo de media hora.

4. Será obrigatoria a asistencia ás sesións. A falta non xustificada a tres consecutivas considerarase como renuncia ao cargo.

## CAPÍTULO II

### Cargos dos colexios oficiais

#### Artigo 49. *Presidente.*

1. Corresponde ao presidente desempeñar a representación máxima do colexio oficial, para o cal ten asignado o exercicio de cantos dereitos e funcións lle atribúen a Lei de colexios profesionais e estes estatutos xerais en todas as relacións cos poderes públicos, entidades, corporacións e persoas xurídicas ou físicas de calquera orde, sempre que se trate de materias propias da súa competencia; exercer as accións que correspondan, en defensa dos dereitos dos colexiados ante os tribunais de xustiza e autoridades de todas as clases; autorizar os informes e comunicacións que se deban cursar, e executar ou facer que se executen os acordos que a asemblea xeral ou a xunta de goberno, se for o caso, adopten.

2. O presidente velará polo cumprimento das prescricións regulamentarias e dos acordos e disposicións que diten os órganos do Consello Xeral, dos consellos de colexios

de comunidades autónomas, das xuntas de goberno dos colexios ou outros órganos de goberno dos colexios. As disposicións adoptadas no exercicio das súas funcións, segundo as facultades que lle confiren os presentes estatutos, deberán ser acatadas, sen prexuízo das reclamacións que contra elas procedan.

3. Ademais, corresponderanlle as seguintes funcións:

- a) Presidir todas as reunións da asemblea xeral de colexiados e da xunta de goberno do colexio, ordinarias e extraordinarias.
- b) Nomear as comisións que considere necesarias e presidilas se o estimar conveniente.
- c) Convocar, abrir, dirixir e fechar sesións.
- d) Asinar as actas que lle correspondan, despois de seren aprobadas.
- e) Obter dos centros administrativos correspondentes os datos que necesite para cumprir os acordos da xunta de goberno.
- f) Autorizar o documento que aprobe a xunta de goberno como comprobante de que o facultativo está incorporado ao colexio.
- g) Autorizar os informes e comunicacións que se dirixan ás autoridades, corporacións ou particulares.
- h) Autorizar as contas correntes bancarias, as imposicións que se fagan e os talóns ou cheques para retirar cantidades. Outorgar cantos documentos públicos e privados sexan necesarios para a compravenda de bens mobles e inmoables, en cumprimento dos acordos da xunta de goberno e da asemblea de colexiados.
- i) Visar as certificacións que expida o secretario do colexio.
- j) Aprobar os libramentos e ordes de pagamento e libros de contabilidade, xunto ao vogal da sección económica do colexio.
- k) Velar co maior interese pola boa conduta profesional dos colexiados e polo decoro do colexio.
- l) Fixar as directrices para a elaboración dos orzamentos colexiais.

4. O cargo de presidente será exercido gratuitamente. No entanto, nos orzamentos colexiais fixaranse as partidas precisas para atender os gastos de representación da presidencia do Colexio.

#### Artigo 50. *Vicepresidente.*

O vicepresidente levará a cabo todas aquelas funcións que lle confiar o presidente e asume as deste en caso de ausencia, enfermidade ou vacante.

Vacante a presidencia, o vicepresidente exercerá a presidencia até que se esgote o mandato. Para cubrir o posto que na xunta de goberno deixe o vicepresidente procederase de conformidade co disposto no artigo 47.4 destes estatutos.

#### Artigo 51. *Secretario.*

1. Independentemente das outras funcións que derivan dos presentes estatutos, das disposicións vixentes e das ordes emanadas da presidencia, corresponde ao secretario:

- a) Redactar e dirixir os oficios de citación para todos os actos do colexio, segundo as ordes que reciba do presidente e coa anticipación debida.
- b) Redactar as actas das asembleas xerais e das reunións que celebre a xunta de goberno, con expresión dos membros que asistan, coidando de que se copien, despois de seren aprobadas, no libro correspondente, e asinalas co presidente.
- c) Levar os libros que se precisen para o mellor e máis ordenado servizo.
- d) Recibir e dar conta ao presidente de todas as solicitudes e comunicacións que se remitan ao colexio.
- e) Asinar co presidente o documento acreditativo de que o veterinario está incorporado ao colexio.

- f) Expedir as certificacións que soliciten os interesados.
- g) Redactar anualmente a memoria que reflicta as vicisitudes do ano, que se deberá ler na asemblea xeral ordinaria e que será elevada a coñecemento do Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España.
- h) Asumir a dirección dos servizos administrativos e a xefatura de persoal do colexio conforme as disposicións destes estatutos, sinalando, de acordo coa xunta de goberno, as horas que se deberán dedicar a recibir visitas e ao despacho da secretaría.
- i) Promover e coidar o servizo xurídico-laboral de defensa dos colexiados fronte a terceiros.
- j) Formar e manter actualizado o censo de ámbito provincial dos veterinarios adscritos ao colexio, así como o Rexistro Colexial de Sociedades Profesionais, e dar aos datos a publicidade legalmente prevista ou autorizada pola asemblea de colexiados, así como emitir, co visto e prace do presidente, as certificacións que lle sexan solicitadas.

2. O cargo de secretario será exercido gratuitamente. No entanto, os orzamentos colexiais consignarán as partidas precisas para atender os gastos inherentes ao cargo, pola necesidade dunha maior dedicación nas súas actividades.

#### Artigo 52. *Vogais.*

Unha vez que resulten elixidos os vogais na forma prevista nos artigos precedentes, seranlles asignadas polo presidente as funcións e competencias da área de xestión que se lles encomenden, de conformidade co disposto no estatuto particular.

### CAPÍTULO III

#### **Asembleas xerais dos colexios oficiais de veterinarios**

#### Artigo 53. *Natureza.*

A asemblea xeral de colexiados constitúe o órgano supremo dos colexios oficiais de veterinarios e a ela deberalle dar conta a xunta de goberno da súa actuación. Os acordos tomados en asemblea xeral serán vinculantes para todos os colexiados.

#### Artigo 54. *Constitución, funcionamento e funcións.*

- 1. A asemblea xeral é a reunión de todos os profesionais incorporados ao colexio.
- 2. A asemblea xeral convócarase, con carácter ordinario e preceptivamente, ao menos, unha vez ao ano. O presidente do Colexio poderá, ademais, convocala, con carácter extraordinario, cando a importancia dos asuntos o requira ou cando así o solicite o 30 por cento dos colexiados.
- 3. A orde do día da asemblea xeral será fixada pola xunta de goberno e a súa convocatoria notificada a todos os colexiados con, ao menos, quince días de anticipación.
- 4. Na convocatoria farase constar a celebración da sesión en segunda convocatoria, sen que poida mediar entre a primeira e a segunda convocatoria da reunión un prazo inferior a media hora.
- 5. Os acordos serán adoptados por maioría simple e en ningún caso será válido o voto delegado nin o remitido por correo. En consecuencia, salvo para a elección de membros de xunta de goberno, o exercicio de dereito de voto subordínase á presenza física na reunión. Quedará validamente constituída a asemblea en primeira convocatoria cando concorran a maioría dos seus membros. Entenderase validamente constituída en segunda convocatoria calquera que for o número de asistentes.
- 6. Soamente terán dereito a voz e voto os que se encontren en pleno desfrute dos seus dereitos colexiais e estean ao día das súas obrigas económicas.
- 7. Son funcións da asemblea xeral as seguintes:
  - a) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos do colexio para o ano seguinte.

- b) Aprobar as liquidacións dos orzamentos do ano precedente.
- c) Estudar aqueles asuntos de excepcional importancia para a profesión e, unha vez aprobados, póllos en coñecemento do Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España e do consello de colexios da comunidade autónoma correspondente, se for o caso, para os efectos oportunos.
- d) Aprobar os acordos que a xunta de goberno tomase sobre compra ou alleamento de bens inmoebles propiedade do colexio, requisito sen o cal non se poderán levar a cabo. Este acordo porase en coñecemento do Consello Xeral.
- e) Aprobar os estatutos particulares do colexio e as súas modificacións, así como os regulamentos de réxime interior, nos termos establecidos nos presentes estatutos xerais.
- f) Exercer e votar a moción de censura contra a xunta de goberno do colexio ou algún dos seus membros, nos termos previstos nos presentes estatutos xerais.
- g) Votar a cuestión de confianza presentada pola xunta de goberno do colexio ou por algún dos seus membros, nos termos previstos nos presentes estatutos xerais.

#### Artigo 55. *Moción de censura.*

1. O voto de censura á xunta de goberno ou a algún dos seus membros competará sempre á asemblea xeral extraordinaria de colexiados, convocada para ese único efecto.
2. A solicitude desa convocatoria de asemblea xeral extraordinaria requirirá a sinatura dun mínimo da terceira parte dos colexiados exercentes en pleno desfrute dos seus dereitos colexiais e ao día nas súas obrigas económicas, incorporados, ao menos, con tres meses de anticipación. A solicitude deberá expresar con clarezas as razóns ou motivos en que se funde.
3. A asemblea xeral extraordinaria de colexiados deberase celebrar dentro dos trinta días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se presentase a solicitude e non poderán tratarse nela máis asuntos que os expresados na convocatoria.
4. Para que o voto de censura sexa aprobado e se produza o conseguinte cesamento da xunta de goberno ou do membro deste órgano a quen afecte, será necesario o voto favorable da maioría absoluta dos colexiados integrantes do colexio respectivo presentes na asemblea xeral extraordinaria.  
Se o voto de censura for aprobado pola maioría referida no parágrafo anterior, convocaranse eleccións na forma prevista nos presentes estatutos xerais e nos particulares do colexio.

#### Artigo 56. *Cuestión de confianza.*

1. A xunta de goberno do colexio ou calquera dos seus membros pode presentar ante a asemblea xeral de colexiados a cuestión de confianza sobre o seu programa de actuacións, se o considerar contestado maioritariamente, ou sobre a súa actuación no desempeño das súas funcións.
2. O outorgamento ou rexeitamento da confianza competará sempre á asemblea xeral extraordinaria de colexiados, convocada unicamente para este efecto pola xunta de goberno do colexio por acordo desta ou por petición daquel dos seus membros que desexe presentar individualmente a cuestión de confianza.
3. A confianza entenderase outorgada cando vote a favor a maioría simple dos asistentes, nos termos previstos no artigo 54.5 dos presentes estatutos.

### CAPÍTULO IV

#### Comisións

#### Artigo 57. *Comisións asesoras.*

1. Nos colexios oficiais de veterinarios poderán existir comisións con finalidade exclusivamente asesora, sobre cuxa creación, funcións e desenvolvemento será informada a asemblea xeral de colexiados.



2. En todo caso, en cada colexio existirá unha comisión deontolóxica que asesorará e informará a xunta de goberno nos expedientes disciplinarios que se incoen aos colexiados.

3. Cada unha destas comisións será presidida polo presidente ou vogal en quen este delegue, e actuará como secretario delas o secretario do colexio ou colexiado en quen este delegue; os seus membros deberán ser colexiados.

4. As comisións estarán integradas polos veterinarios que, por proposta do seu coordinador, nomee a xunta de goberno do colexio oficial.

5. Os estudos, propostas e conclusións de cada comisión serán remitidos á xunta de goberno, a cal decidirá se deben ser expostos e defendidos, se for o caso, polo membro que designe a comisión correspondente ante a asemblea xeral de colexiados. A programación dos temas obxecto de estudo poderá ser proposta pola propia comisión ou polo presidente do colexio.

6. Habilitaranse os medios económicos necesarios para o desenvolvemento dos programas de traballo, cuxa contía será aprobada pola asemblea xeral de colexiados.

#### TÍTULO IV

##### Réxime de competencias

###### Artigo 58. *Competencias xenéricas do Consello Xeral.*

Corresponde ao Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España o exercicio das funcións sinaladas nas súas propias normas reguladoras, en relación cos fins que lles están atribuídos no artigo 3 destes estatutos xerais e na Lei de colexios profesionais, por medio dos seus órganos de goberno: a Asemblea Xeral de Presidentes, a Xunta Interterritorial e a Xunta Executiva Permanente.

###### Artigo 59. *Competencias xenéricas dos consellos de colexios das comunidades autónomas.*

Corresponde aos consellos de colexios das comunidades autónomas o exercicio das funcións sinaladas nas súas propias normas reguladoras en relación cos fins que lles sexan atribuídos pola normativa estatal e autonómica vixente en materia de colexios profesionais.

Os estatutos dos consellos autonómicos, unha vez aprobados, serán notificados por estes ao Consello Xeral.

###### Artigo 60. *Competencias xenéricas dos colexios oficiais de veterinarios.*

Corresponde aos colexios oficiais de veterinarios, no seu ámbito territorial, o exercicio das funcións que lles atribúe o artigo 5 da Lei de colexios profesionais e as sinaladas nas normas reguladoras do Consello Xeral de Colexios Veterinarios, en relación cos fins atribuídos no artigo 3 destes estatutos xerais.

Corresponderán, igualmente, aos colexios oficiais de veterinarios as funcións que lles sexan atribuídas polas disposicións normativas autonómicas que se ditasen ou se diten en materia de colexios profesionais.

###### Artigo 61. *Competencias específicas dos colexios oficiais de veterinarios.*

Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, corresponde aos colexios oficiais de veterinarios exercer, no seu ámbito territorial, as seguintes funcións:

- a) Cantas redunden en beneficio da protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos seus colexiados.
- b) Exercer a representación que establezan as leis para o cumprimento dos seus fins, e, especialmente, a representación exclusiva e defensa da profesión cando estea

suxeita a colexiación obrigatoria, ante a Administración, institucións, tribunais, entidades e particulares, con lexitimación para seren parte en cantos litixios e causas afecten os dereitos e intereses profesionais e os fins da veterinaria, e exercer as accións que sexan procedentes, así como para exercer o dereito de petición conforme a lei.

c) Defender os dereitos e prestixio dos colexiados que representan ou de calquera deles, se foren obxecto de vexación, menoscabo, desconsideración ou descoñecemento en cuestións profesionais.

d) Adoptar as medidas conducentes a evitar e perseguir a intrusión profesional.

e) Levar o censo de profesionais e o ficheiro de ámbito de actuación veterinaria da provincia, cos datos que se consideren necesarios para o cumprimento dos fins e funcións do colexio, e elaborar as estatísticas que se consideren convenientes para a realización de estudos, proxectos e propostas relacionadas co exercicio da veterinaria.

f) Ordenar a actividade profesional dos colexiados velando pola formación, a ética e a dignidade profesional e polo respecto debido aos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos seus colexiados; exercer a facultade disciplinaria na orde profesional e colexial.

g) Elaborar os seus propios estatutos particulares conforme as normas estatais e autonómicas e, unha vez aprobados, notificalos ao Consello Xeral, nos termos establecidos neste texto. Aprobar as súas normas deontolóxicas de actuación profesional con suxeición ao disposto nas aprobadas polo Consello Xeral para todo o territorio nacional.

h) Elaborar os seus regulamentos de réxime interior.

i) Cumprir e facer cumprir aos colexiados, en canto afecte a profesión, as disposicións legais e estatutarias, así como as normas e decisións adoptadas polos órganos colexiais en materia da súa competencia.

j) Evitar a competencia desleal.

k) Cooperar cos poderes públicos, por solicitude deles, na formulación das políticas gandeira, sanitaria, alimentaria, de ambiente e de protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos seus colexiados.

l) Elaborar e executar programas formativos de carácter profesional, científico ou cultural, a nivel provincial.

ll) Desenvolver a xestión de previsión e protección social no ámbito profesional.

m) Promover accións destinadas a solicitar que os organismos públicos ou privados colaboren na dotación aos colexiados de medios materiais para o exercicio dunha veterinaria de calidade.

n) Organizar e promover actividades e servizos comúns de interese para os colexiados, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencial e outros análogos.

ñ) Visar os informes, proxectos e ditames nas condicións previstas no artigo 75 dos presentes estatutos xerais.

o) Atender as solicitudes de información sobre os seus colexiados e sobre as sancións firmes a eles impostas, así como as peticións de inspección ou investigación que lles formule calquera autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea nos termos previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, en particular, no que se refire a que as solicitudes de información e de realización de controis, inspeccións e investigacións estean debidamente motivadas e que a información obtida se empregue unicamente para a finalidade para a cal se solicitou.

p) As demais que veñan dispostas pola lexislación estatal ou autonómica.

## TÍTULO V

## A colexiación

## CAPÍTULO I

Artigo 62. *Exercicio profesional.*

1. Quen estea en posesión do título español de licenciado ou de grao en veterinaria, ou dos títulos estranxeiros que, conforme a normativa española e comunitaria, a Administración española competente homologase ou recoñecese para exercer a profesión de veterinario en España e reúna as condicións sinaladas nos presentes estatutos terá dereito a ser admitido no colexio oficial de veterinarios que corresponda.

2. Será requisito indispensable e previo para o exercicio da profesión veterinaria estar incorporado ao colexio profesional correspondente cando a colexiación sexa obrigatoria. A cota de inscrición ou colexiación non poderá superar en ningún caso os custos asociados á tramitación da inscrición. Os colexios oficiais de veterinarios disporán dos medios necesarios para que os solicitantes poidan tramitar a súa colexiación por vía telemática, de acordo co previsto no artigo 10 da Lei estatal de colexios profesionais.

3. O exercicio profesional pode verificarse:

a) Ao servizo da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla e da Administración local.

b) Ao servizo de empresas, entidades, explotacións e industrias ou negocios relacionados coa veterinaria.

c) De forma libre, cando o veterinario desenvolva actividades profesionais ao abeiro do título de licenciado ou graduado en veterinaria ou calquera outro que dea dereito a exercer a profesión, que non se encontren incluídas nas alíneas anteriores.

4. O exercicio da profesión, en calquera das súas modalidades, será desenvolvido polos veterinarios colexiados con plena observancia da normativa vixente e de acordo coas normas ordenadoras dela establecidas nestes estatutos xerais e nas que, para tal fin, sexan ditadas e adoptadas pola Organización Colexial Veterinaria.

5. Igualmente, serán de aplicación a todos os profesionais veterinarios, canto ao exercicio da súa profesión, as normas contidas no código deontolóxico para o exercicio da profesión veterinaria.

6. O exercicio profesional veterinario en forma societaria rexeráse polo previsto nas leis. En ningún caso a Organización Colexial Veterinaria poderá, por si mesma ou a través dos seus respectivos textos estatutarios ou do resto de normativa colexial, establecer restricións ao exercicio profesional veterinario en forma societaria.

7. Os colexios non poderán exixir aos profesionais que exerzan nun territorio diferente ao de colexiación comunicación nin habilitación ningunha, nin o pagamento de contraprestacións económicas distintas daquelas que exixan habitualmente aos seus colexiados pola prestación dos servizos de que sexan beneficiarios e que non se encontren cubertos pola cota colexial.

8. Nos supostos de exercicio profesional en territorio distinto ao de colexiación, para os efectos de exercer as competencias de ordenación e potestade disciplinaria que corresponden ao colexio do territorio en que se exerza a actividade profesional, en beneficio dos consumidores e usuarios, os colexios deberán utilizar os oportunos mecanismos de comunicación e os sistemas de cooperación administrativa entre autoridades competentes previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro. As sancións impostas, se for o caso, polo colexio do territorio en que se exerza a actividade profesional producirán efectos en todo o territorio español.

9. O acceso e exercicio á profesión de veterinario rexeráse polo principio de igualdade de trato e non-discriminación, en particular por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual, nos termos da

sección III do capítulo III do título II da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Artigo 63. *Colexiación única.*

1. Para exercer en todo o territorio nacional bastará a incorporación a un só colexio oficial de veterinarios, que será o do domicilio profesional único ou principal do solicitante.

2. No caso de desprazamento temporal tanto dun veterinario español a outro Estado membro da Unión Europea como dun veterinario doutro Estado membro da Unión Europea a España, observarase o disposto na normativa vixente en aplicación do dereito comunitario relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais.

3. De toda inscrición, alta ou baixa en calquera colexio darase inmediata conta ao Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España.

4. Así mesmo, os colexios notificarán ao Consello Xeral e aos consellos autonómicos respectivos, se for o caso, para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Sociedades Profesionais, as inscricións practicadas nos seus respectivos rexistros de sociedades profesionais. O Consello Xeral remitirá ao Ministerio de Xustiza, ao abeiro do previsto legalmente, as inscricións practicadas no Rexistro de Sociedades Profesionais do Consello Xeral.

## CAPÍTULO II

### Incorporacións e baixas

Artigo 64. *Incorporación colexial.*

1. Os que pretendan realizar actividades propias dos veterinarios en calquera das súas modalidades están obrigados a solicitar, previamente ao inicio da actividade profesional, sexa por conta propia ou allea, e tanto ao servizo das entidades públicas como privadas, ou como socio profesional dunha sociedade profesional, a inscrición no colexio profesional correspondente á localidade onde radique o seu domicilio profesional único ou principal, cando a colexiación sexa obrigatoria.

2. Para a incorporación a un colexio oficial de veterinarios requírese acreditar, como condicións xerais de aptitude, as seguintes:

- a) Ser maior de idade e non estar incurso en causa de incapacidade.
- b) Estar en posesión do título de licenciado ou de grao en veterinaria, ou dos títulos estranxeiros que, conforme a normativa española e comunitaria, a Administración española competente homologase ou recoñecese para exercer a profesión de veterinario en España e reunir as condicións sinaladas nos presentes estatutos.
- c) Carecer de antecedentes penais que inhabiliten para o exercicio profesional.
- d) Satisfacer a cota de ingreso e demais que teña establecidas o colexio.
- e) Aceptar por escrito os estatutos, normativas e disposicións colexiais.

3. Na falta de colexiación cando esta sexa obrigatoria, os colexios oficiais, logo de instrución de expediente en que se comprobe a concorrencia de todos os requisitos exixibles e logo de audiencia do interesado, poderán proceder á colexiación de oficio dos que exerzan lícitamente como veterinarios. A resolución pola cal se proceda á colexiación notificarase ao interesado, quen, desde ese momento, e sen prexuízo dos recursos procedentes, quedará suxeito á normativa colexial, así como a todas as obrigas como colexiado, incluídas as de índole económica.

Artigo 65. *Solicitudes de colexiación.*

1. Para ser admitido nun colexio oficial de veterinarios xuntarase á solicitude en documento normalizado o correspondente título orixinal ou un testemuño notarial e certificación académica. O xustificante emitido pola universidade de procedencia do

aboardamento dos dereitos de expedición do título poderá suplir a ausencia do orixinal, e o colexiado queda obrigado a presentalo unha vez que lle sexa expedido. Xuntarase igualmente certificación de antecedentes penais a fin de acreditar que o solicitante non está incurso en causa ningunha que lle impida o exercicio profesional como veterinario.

2. Se o solicitante é estranxeiro, deberá presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos exixidos pola normativa aplicable.

3. O solicitante fará constar que vai exercer a profesión, lugar en que o vai facer e, se for o caso, a modalidade e a especialidade.

4. Corresponde ás xuntas de goberno de cada colexio resolver sobre as solicitudes de incorporación a eles. As xuntas de goberno acordarán, no prazo máximo dun mes, o que consideren pertinente acerca da solicitude de inscrición. Pasado ese prazo sen contestación, entenderanse aprobadas.

5. As solicitudes de incorporación serán aprobadas ou denegadas, de conformidade co disposto nestes estatutos xerais. A xunta de goberno practicará as dilixencias e recibirá os informes que, se for o caso, considere oportunos e notificará a resolución motivada que proceda.

6. Contra a decisión da xunta de goberno nesta materia caberá recurso de alzada ante o consello de colexios da comunidade autónoma respectiva, se estiver constituído, ou ante o Consello Xeral, se non existir aquel, conforme o disposto nos artigos 120 e seguintes dos presentes estatutos xerais.

#### Artigo 66. *Denegación de colexiación.*

A solicitude de colexiación será denegada nos seguintes casos:

- a) Cando os documentos presentados coa solicitude de ingreso sexan insuficientes ou ofrezan dúbidas sobre a súa lexitimidade e non se complementasen ou corríxisen no prazo sinalado para isto.
- b) Cando tiver sufrido algunha condena por sentenza firme dos tribunais que no momento da solicitude o inhabilite para o exercicio profesional.
- c) Cando tiver sido expulsado doutro colexio de veterinarios sen ter sido rehabilitado.
- d) Cando ao formular a solicitude se achar suspenso no exercicio da profesión, en virtude de corrección disciplinaria corporativa firme.

Obtida a rehabilitación ou desaparecidos os obstáculos que se opuxesen á colexiación, esta deberá ser aceptada polo colexio sen dilación nin escusa ningunha.

#### Artigo 67. *Trámites posteriores á admisión.*

Admitido o solicitante nun colexio oficial de veterinarios, expediráselle a tarxeta de identidade correspondente e darase conta da súa inscrición ao Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España no modelo de ficha normalizada que este estableza.

Así mesmo, abrírase un expediente en que se constatarán os datos profesionais e persoais do solicitante necesarios para o cumprimento dos fins e funcións do colexio, e o colexiado quedará obrigado a informar a corporación a que pertenza dos cambios que se produzan neles, con obxecto de poder manter un censo debidamente actualizado.

#### Artigo 68. *Perda e recuperación da condición de colexiado.*

1. A condición de colexiado perderase:

- a) Por baixa voluntaria ao cesar no exercicio profesional en calquera das súas modalidades, mediante solicitude por escrito.
- b) Por condena firme que leve unida a accesoria de inhabilitación para o exercicio da profesión ou de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público.
- c) Por sanción firme de expulsión acordada en expediente disciplinario.
- d) Por perda das condicións que permitiron a colexiación.

- e) Por morte ou declaración de falecemento.
2. A perda da condición de colexiado será acordada pola xunta de goberno do colexio en resolución motivada, que será debidamente notificada ao interesado.
  3. As baixas serán comunicadas ao Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España.
  4. Recuperarase a condición de colexiado mediante petición de reingreso que, nos casos das alíneas 1.b) e c), requirirá, ademais, probar a prescrición da sanción de calquera clase que dese lugar á perda da súa condición de colexiado, solicitar a admisión e que esta sexa aceptada de acordo co artigo 111.5; e no caso da alínea 1.d), probar que se posúen os requisitos para a colexiación que incumpría.

## CAPÍTULO III

### Portelo único

#### Artigo 69. *Portelo único.*

1. A Organización Colexial Veterinaria Española disporá dunha páxina web para que, a través do portelo único previsto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, os profesionais veterinarios poidan realizar todos os trámites necesarios para a colexiación, o seu exercicio e a súa baixa no colexio oficial de veterinarios respectivo, a través dun único punto, por vía electrónica e a distancia. Concretamente, a Organización Colexial Veterinaria Española fará o necesario para que, a través deste portelo único, os profesionais veterinarios poidan de forma gratuíta:

- a) Obter toda a información e formularios necesarios para o acceso á actividade profesional e o seu exercicio.
- b) Presentar toda a documentación e solicitudes necesarias, incluíndo a da colexiación.
- c) Coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que teña consideración de interesado e recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e a resolución deles polo colexio, consello autonómico, se for o caso, e Consello Xeral, incluída a notificación dos expedientes disciplinarios cando non fose posible por outros medios.
- d) Convocar os colexiados ás xuntas xerais ordinarias e extraordinarias e pór no seu coñecemento a actividade pública e privada do colexio profesional.

2. A través do referido portelo único, para a mellor defensa dos dereitos dos consumidores e usuarios, a Organización Colexial Veterinaria Española ofrecerá a seguinte información, que deberá ser clara, inequívoca e gratuíta:

- a) O acceso aos rexistros de colexiados, que estará permanentemente actualizado e no cal constarán, ao menos, os seguintes datos: nome e apelidos dos profesionais colexiados, número de colexiación, títulos oficiais de que estean en posesión, domicilio profesional e situación de habilitación profesional.
- b) O acceso aos rexistros de sociedades profesionais, que terá o contido descrito no artigo 8 da Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais.
- c) As vías de reclamación e os recursos que poderán interporse en caso de conflito entre o consumidor ou usuario e un colexiado ou o colexio oficial de veterinarios respectivo.
- d) Os datos das asociacións ou organizacións de consumidores e usuarios a que os destinatarios dos servizos profesionais poden dirixirse para obter asistencia.
- e) O contido dos códigos deontolóxicos.

3. Os colexios oficiais de veterinarios, os consellos autonómicos, se for o caso, e o Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España deberán adoptar as medidas

necesarias para o cumprimento do previsto neste artigo e incorporar para isto as tecnoloxías precisas que garantan a interoperabilidade entre os distintos sistemas e a accesibilidade das persoas con discapacidade. Para isto poderán pór en marcha os mecanismos de coordinación e colaboración necesarios, mesmo coas corporacións doutras profesións.

4. Os colexios oficiais de veterinarios e os consellos autonómicos, se for o caso, facilitarán ao Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España a información concernente ás altas, baixas e calquera outra modificación que afecte os rexistros de colexiados e de sociedades profesionais, para o seu coñecemento e anotación nos rexistros centrais de colexiados e de sociedades do Consello Xeral.

#### CAPÍTULO IV

##### Clases de colexiados

Artigo 70. *Clases de colexiados.*

1. Para os fins destes estatutos xerais, os colexiados clasificaranse en:
  - a) Exercentes.
  - b) Non exercentes.
  - c) Honoríficos.
  - d) Membros de honra.
2. Serán colexiados exercentes cantos practiquen a veterinaria en calquera das súas diversas modalidades.
3. Serán colexiados non exercentes aqueles veterinarios que, pertencendo á Organización Colexial Veterinaria, non exerzan a profesión.
4. Serán colexiados honoríficos os veterinarios xubilados no exercicio da profesión en calquera das súas modalidades, sempre que leven un mínimo de vinte anos de colexiación, e os que se encontren en estado de invalidez ou incapacidade permanente para o exercicio da profesión. Os colexiados honoríficos estarán exentos do pagamento das cotas colexiais.
5. Serán membros de honra aquelas persoas físicas ou xurídicas, veterinarios ou non, que realizasen un labor relevante e meritorio en relación coa profesión veterinaria. Esta categoría será puramente honorífica. Poderá ser proposto para unha recompensa á autoridade competente.

#### CAPÍTULO V

##### Dereitos, deberes e prohibicións dos colexiados e das sociedades profesionais

Artigo 71. *Dereitos dos colexiados e das sociedades profesionais.*

1. Os colexiados terán os seguintes dereitos:
  - a) Participar na xestión corporativa, asistindo ás asembleas de colexiados, con dereito de voto. Así mesmo, poderán exercer o dereito de petición nos termos en que se regula na vixente lexislación.
  - b) Sufraxio activo e pasivo nas eleccións á xunta de goberno, na forma determinada polos presentes estatutos xerais e nos particulares de cada colexio.
  - c) Ser amparados polo colexio, o consello de colexios autonómico e polo Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España, cando se consideren vexados ou molestados por motivos de exercicio profesional.
  - d) Ser representados polo colexio e, se for o caso, o consello de colexios autonómico da comunidade autónoma e o Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España cando necesiten presentar reclamacións xudiciais ou extraxudiciais con ocasión do exercicio

profesional, para o cal se outorgarán os poderes do caso e serán a cargo do colexiado solicitante os gastos e as custas xudiciais que o procedemento ocasiona.

e) Desfrutar de todos os beneficios que establezan o colexio e o Consello Xeral en canto se refire a recompensas, cursos, bolsas, así como ao uso da biblioteca colexial, tanto no local social como no propio domicilio, mediante o cumprimento dos requisitos que se sinalen.

f) Propor razoadamente todas as iniciativas que considere beneficiosas para a profesión e elevar as queixas fundamentadas de actos ou feitos que poidan ir en prexuízo seu, do colexio ou da profesión.

Poderán tamén solicitar da xunta de goberno a convocatoria de asembleas xerais extraordinarias, sempre que o sexa en unión de, ao menos, o 30 por cento dos colexiados. Así mesmo, e nos termos fixados nos presentes estatutos xerais e nos particulares do colexio respectivo, poderán solicitar da xunta de goberno a convocatoria de asemblea xeral extraordinaria para o exercicio do voto de censura á citada xunta de goberno ou algúns dos seus membros.

Igualmente, correspóndelles o dereito de sufraxio activo na forma prevista estatutariamente no suposto de presentación por parte da xunta de goberno ou dalgún dos seus membros da cuestión de confianza.

g) Percibir todas e cada unha das prestacións sociais ou asistenciais que teña baixo a súa tutela e preste o Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España ou o colexio respectivo.

h) Desempeñar os cargos para os cales sexan nomeados e exercer, en xeral, todos os demais dereitos que as disposicións vixentes lles concedan.

i) Solicitar do colexio a tramitación do cobramento dos honorarios por servizos, informes, etc., sempre que o colexio teña creados os servizos oportunos.

j) Exercer a súa profesión de acordo co disposto nos presentes estatutos xerais, na normativa deontolóxica vixente e nas demais disposicións que regulen o exercicio profesional.

k) Formular recursos e peticións. Examinar arquivos, rexistros e contas do colexio nos termos previstos no artigo 35.h) e 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Ás sociedades profesionais recoñeceránselles os dereitos determinados nas alíneas c), d), f), parágrafo primeiro (relativo á proposición de iniciativas), i) e j) do número 1 deste artigo.

3. En ningún caso o exercicio mediante sociedades profesionais poderá carretar a imposición de cargas ou tratamento discriminatorios en relación co exercicio individual.

#### Artigo 72. *Deberes dos colexiados.*

1. É deber fundamental de todo colexiado, aínda cando a profesión se exerza a través dunha sociedade profesional, exercer a profesión conforme a máis pura ética e dentro do espírito que dimana dos presentes estatutos xerais e do código deontolóxico para o exercicio da profesión.

2. Son tamén deberes dos colexiados, aínda cando a profesión se exerza a través dunha sociedade profesional, entre outros, os seguintes:

a) Cumprir canto dispoñen os presentes estatutos xerais, os estatutos do consello autonómico respectivo, se for o caso, os particulares do seu colexio e os acordos e decisións das autoridades colexiais, do seu consello de colexios autonómico e do Consello Xeral.

b) Estar ao día no pagamento de todas e cada unha das cotas da Organización Colexial Veterinaria e satisfacer toda clase de débitos que tiver pendentes por subministración de documentos oficiais.

c) Desempeñar os cargos para os cales fosen designados nas xuntas de goberno e calquera outra comisión colexial.



d) Axustar a súa situación e actuación profesional en todo momento ás exigencias legais, estatutarias e deontolóxicas que rexen o exercicio da profesión de veterinario preservando e protexendo, en todo caso, os intereses dos consumidores e usuarios.

e) Empregar a maior corrección e lealdade nas súas relacións co colexio e cos outros colexiados, comunicando a aquel calquera incidencia vexatoria a un colexiado no exercicio profesional de que teña noticia.

f) Denunciar por escrito ao colexio todo acto de intrusión que chegue ao seu coñecemento, así como os casos de exercicio ilegal.

g) Comunicar o seu domicilio profesional e os seus eventuais cambios ao colexio, a denominación e o domicilio social das sociedades profesionais a través das cales exerzan, como socios ou non, a profesión, así como todos os demais datos daquelas previstos legalmente en caso de que tal exercicio se efectúe como socio profesional.

h) Facilitar ao colexio os datos que se lle soliciten para a formación do ficheiro de colexiados, só para os efectos do cumprimento dos fins e funcións do colexio. Atenderá, así mesmo, calquera requirimento que lle faga a xunta de goberno do seu colexio, o consello de colexios autonómico ou o Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España para formar parte das comisións especiais de traballo para fins de interese xeral da profesión, e prestar a estas a súa maior colaboración.

i) Os colexiados deberán cumprir, ademais, aqueles deberes que lles sexan impostos como consecuencia de acordos adoptados polo colexio, polo consello de colexios autonómico ou polo Consello Xeral no marco das súas competencias.

j) Calquera outro deber que se deduza das prescricións destes estatutos ou das comprendidas nos estatutos particulares de cada colexio.

3. En caso de que a profesión se exerza a través dunha sociedade profesional, esta tamén será directamente responsable do cumprimento dos referidos deberes, en canto lle sexan de aplicación.

#### Artigo 73. *Prohibicións.*

1. En xeral, prohibese expresamente aos colexiados, mesmo que a profesión se exerza a través dunha sociedade profesional, realizar prácticas profesionais contrarias ao disposto na lexislación vixente ou ás normas éticas, deontolóxicas e xurídicas da profesión veterinaria e, especialmente, atentar ou prexudicar os intereses dos consumidores e usuarios prestatarios dos seus servizos profesionais.

2. Ademais, prohibese especificamente aos colexiados:

a) Ofrecer a eficacia garantida de procedementos curativos ou de medios persoais que non recibisen a confirmación de entidades científicas ou profesionais de recoñecido prestixio.

b) Empregar tratamentos ou medios non controlados cientificamente e disimular ou finxir a aplicación de elementos diagnósticos e terapéuticos.

c) Tolerar ou encubrir en calquera forma a quen, sen título suficiente ou non homologado e sen estar colexiado, tente exercer ou exerza a profesión veterinaria.

d) Exercer a profesión nun consultorio veterinario ou en calquera outro centro de que, sendo ou non titular, teña coñecemento de prácticas ilegais por parte doutras persoas, aínda cando se efectúen fóra da súa presenza e en horas distintas ás do seu exercicio profesional.

e) Permitir o uso de clínica ou consultorio veterinario a persoas que, aínda dispondo de título suficiente para exerceren a veterinaria, non se achen debidamente colexiadas.

f) Prestar o seu nome para que figure como director facultativo ou asesor de clínica veterinaria, pero que non a dirixa nin atenda ou asesore persoal e directamente, ou que non se axuste ás leis vixentes e aos presentes estatutos ou se violen nela as normas deontolóxicas, sen prexuízo da competencia dos tribunais sobre a materia e o control destes sobre as decisións que adopte a organización colexial a este respecto.

g) Actuar, sempre que estean en exercicio, en funcións de delegados de visita médica, representantes, comisionistas ou axentes informadores dos laboratorios de medicamentos ou produtos sanitarios ou actuar incumprindo calquera outro requisito, obriga ou prohibición establecidos na normativa vixente sobre o medicamento de uso veterinario.

h) Exercer a veterinaria cando se evidencian manifestamente alteracións orgánicas, psíquicas ou hábitos tóxicos que incapaciten para tal exercicio, mediante a confirmación de recoñecemento médico.

i) Realizar comunicacións comerciais sobre os seus servizos profesionais contrariando o disposto na lei.

j) Efectuar manifestacións públicas, ou a través da prensa, radio ou televisión, das cales poida derivar un perigo potencial para a saúde da poboación ou un desprestixio ou prexuízo para o colexio, os seus colexiados ou membros da súa xunta de goberno, sempre que non estean amparadas polo dereito fundamental á liberdade de expresión.

k) Utilizar a condición de especialista nalgunha rama da profesión sen ter a titulación acreditativa pertinente.

l) En xeral, realizar prácticas profesionais contrarias ao disposto nas normas, legais ou deontolóxicas que rexen o exercicio profesional da veterinaria.

3. As referidas prohibicións tamén se aplicarán ás sociedades profesionais cando a profesión se exerza a través delas, en canto lles sexan de aplicación.

## CAPÍTULO VI

### Diverxencias entre colexiados

#### Artigo 74. *Diferenzas de carácter profesional.*

Nas diferenzas de carácter profesional que poidan xurdir entre colexiados poderá intervir, en vía de conciliación ou arbitraje, a xunta de goberno do colexio, do consello autonómico (cando se trate de colexiados adscritos a colexios da mesma comunidade autónoma) ou, se for o caso, do Consello Xeral (cando se trate de colexiados que pertencen a colexios situados en diferentes comunidades autónomas ou a aqueles supostos en que, pertencendo á mesma comunidade autónoma, non se constituíse o correspondente consello autonómico).

As resolucións das respectivas xuntas de goberno dos colexios, dos consellos autonómicos e, se for o caso, do Consello Xeral adoptaranse de conformidade coas previsións contidas na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, para as arbitaxes de equidade.

## CAPÍTULO VII

### Visado colexial

#### Artigo 75. *Características do visado.*

1. Os colexios oficiais de veterinarios visarán os traballos profesionais no seu ámbito de competencia unicamente cando se solicite por petición expresa dos clientes, incluídas as administracións públicas cando actúen como tales, ou cando así se estableza conforme o disposto no Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, loge de consulta aos colexiados afectados.

En ningún caso os colexios poderán impor a obriga de visar os traballos profesionais, nin por si mesmos nin a través das súas previsións estatutarias.

2. O obxecto do visado será comprobar, ao menos:

a) A identidade e habilitación profesional do autor do traballo, utilizando para isto os rexistros de colexiados previstos no artigo 10.2 da Lei estatal de colexios profesionais.

b) A corrección e integridade formal da documentación do traballo profesional, de acordo coa normativa aplicable.

En todo caso, o visado expresará claramente cal é o seu obxecto detallando que aspectos son sometidos a control e informará sobre a responsabilidade que, de acordo co previsto no número seguinte, asume o colexio. En ningún caso comprenderá os honorarios nin as demais condicións contractuais, cuxa determinación queda suxeita ao libre acordo entre as partes, nin tampouco comprenderá o control técnico dos elementos facultativos do traballo profesional.

3. En caso de danos derivados dos traballos que visase o colexio nos cales resulte responsable o seu autor, o colexio responderá subsidiariamente dos danos que teñan a súa orixe en defectos que deberan ser postos de manifesto polo colexio ao visar o traballo profesional e que garden relación directa cos elementos que se visaron nese traballo concreto.

4. Cando o visado sexa preceptivo, o seu custo será razoable, non abusivo nin discriminatorio. Os colexios farán públicos os prezos dos visados dos traballos profesionais, que poderán tramitarse por vía telemática.

## TÍTULO VI

### Réxime económico e financeiro

#### CAPÍTULO I

#### Competencias

##### *Sección 1.<sup>a</sup> Patrimonio do Consello Xeral. Confección e liquidación dos seus orzamentos. Recursos económicos*

##### Artigo 76. *Obrigas económicas.*

Os colexios teñen a obriga de contribuír ao sostemento do Consello Xeral, nos termos sinalados neste estatuto.

##### Artigo 77. *Autonomía de xestión.*

O Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España terá plena autonomía para a xestión e administración dos seus bens e o seu orzamento, de conformidade co establecido no presente título VI.

##### Artigo 78. *Confección e liquidación de orzamentos do Consello Xeral.*

A Xunta Executiva Permanente do Consello Xeral someterá á aprobación da Asemblea Xeral de Presidentes, durante a primeira quincena do mes de decembro de cada ano, os orzamentos de ingresos e gastos necesarios para o seu correcto funcionamento, sinalando as cotas de achega ao Consello Xeral que deberán satisfacer os diferentes colexios oficiais.

Así mesmo, dentro do primeiro trimestre de cada ano, a Asemblea deberá coñecer e aprobar o balance e liquidación orzamentaria, fechados en 31 de decembro do ano anterior.

##### Artigo 79. *Execución do orzamento.*

O conselleiro da sección económica do Consello Xeral informará a Xunta Executiva Permanente, trimestralmente, para a súa conformidade, da evolución do orzamento aprobado, de acordo co artigo anterior.

Artigo 80. *Recursos económicos do Consello Xeral.*

Para atender os gastos que se orixinen para o cumprimento dos fins sinalados nas disposicións vixentes e nos presentes estatutos xerais, o Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España contará cos seguintes ingresos:

- a) As cotas ordinarias que se sinalen aos colexios oficiais de veterinarios, que se determinarán en razón do número de colexiados, e que serán fixados pola Asemblea Xeral de Presidentes, na reunión a que se refire o artigo 78, parágrafo primeiro, en relación co exercicio seguinte. Esta cota satisfacerase trimestralmente na forma prevista nos presentes estatutos xerais.
- b) As cotas extraordinarias que deban achegar os colexios, logo de aprobación pola Asemblea Xeral de Presidentes.
- c) O importe das certificacións que se expidan.
- d) As subvencións oficiais, donativos ou legados, tanto de persoas físicas como xurídicas, privadas ou públicas.
- e) Cantos outros ingresos poidan ser arbitrados por medios legais e fosen aprobados polo Consello Xeral, a través da súa Asemblea Xeral de Presidentes.
- f) Os rendementos de calquera natureza que produzan os bens e dereitos que integran o patrimonio do Consello Xeral.
- g) Os demais recursos que, con motivo das súas actividades corporativas, poida obter o Consello Xeral.

Artigo 81. *Patrimonio do Consello Xeral.*

O patrimonio do Consello Xeral estará composto por todos os bens mobles e inmoables que adquira, en virtude de calquera título xurídico, e polo saldo da súa tesouraría.

*Sección 2.<sup>a</sup> Réxime económico e patrimonial dos consellos de colexios das comunidades autónomas*

Artigo 82. *Réxime económico e patrimonial.*

A economía dos consellos de colexios das comunidades autónomas é independente da do Consello Xeral e da dos colexios que os poidan integrar, polo que cada consello de colexios será autónomo na xestión e administración dos seus bens, todo isto de conformidade co disposto na lexislación autonómica vixente en materia de colexios profesionais.

*Sección 3.<sup>a</sup> Réxime económico e patrimonial dos colexios oficiais. Confección e liquidación dos seus orzamentos. Recursos económicos. Cotas e a súa recadación*

Artigo 83. *Réxime económico dos colexios.*

A economía dos colexios é independente da do Consello Xeral e da dos consellos de colexios das comunidades autónomas, polo que cada colexio será autónomo na xestión e administración dos seus bens, sen prexuízo de que deba contribuír ao sostemento desas corporacións, tal e como se sinala na vixente lexislación de colexios profesionais, nos presentes estatutos xerais e no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 84. *Confección e liquidación de orzamentos dos colexios oficiais.*

1. Os colexios oficiais de veterinarios confeccionarán anualmente o proxecto de orzamentos dos seus ingresos e gastos, que deben presentar durante o último trimestre de cada ano á aprobación da asemblea xeral de colexiados correspondente.
2. Unha vez aprobados, deberán ser remitidos ao Consello Xeral para o seu coñecemento para efectos estatísticos, nos termos e casos previstos nos presentes

estatutos xerais. Non obstante o devandito, se se producise algunha subvención por parte do Consello Xeral do réxime económico dalgún organismo colexial, os orzamentos e balances deberán ser remitidos para o seu control.

3. Así mesmo, dentro do primeiro trimestre de cada ano, os colexios oficiais de veterinarios deberán presentar, ante a asemblea xeral de colexiados, o balance e liquidación orzamentaria, fechados en 31 de decembro do ano anterior, para a súa aprobación ou rexeitamento. Previamente, o dito balance, acompañado dos xustificantes de ingresos e gastos efectuados, terá quedado ao dispor de calquera colexiado que o requira, para poder examinalo durante os quince días anteriores á data de celebración da asemblea xeral de colexiados correspondente.

4. Os estatutos particulares de cada colexio oficial regularán, se for o caso, as normas relativas aos procedementos de información aos colexiados, auditorías, presentación e aprobación de contas.

#### Artigo 85. *Recursos económicos ordinarios dos colexios.*

Constitúen recursos ordinarios dos colexios oficiais de veterinarios:

a) Os rendementos de calquera natureza que produzan as actividades corporativas, os bens ou os dereitos que integran o patrimonio do colexio, así como os fondos depositados nas súas contas.

b) As cotas de incorporación ao colexio.

c) Os dereitos que fixe a xunta de goberno de cada colexio por emisión de ditames, resolucións, informes ou consultas que expida esta sobre calquera materia. En ningún caso poderán provir estes dereitos da prestación de servizos veterinarios nin de servizos técnicos ou científicos relacionados con eles, por parte dos colexios, os consellos de colexios ou do Consello Xeral, así como por parte dos seus órganos, que colidan coa libre competencia cos seus colexiados.

d) O importe das cotas ordinarias, fixas ou variables, así como as cotas extraordinarias establecidas pola xunta de goberno de cada colexio, logo de aprobación da asemblea xeral de colexiados.

e) Os dereitos que fixe a xunta de goberno de cada colexio por expedición de certificacións.

f) A participación que poida asignar o Consello Xeral nos impresos de carácter oficial e calquera outro elemento de certificación, garantía e identificación. O prezo que se cobre por eles aos colexiados reflectirá, unicamente, o custo en que incorra o colexio para elaboralos e xestionar a súa distribución, se for o caso.

g) As cantidades derivadas da prestación doutros servizos xerais aos seus colexiados. A recepción deste tipo de servizos polos colexiados será voluntaria. Así mesmo, os prezos que se cobren aos colexiados non incluírán custos alleos á prestación específica de que se trate.

h) Calquera outro establecido ou que se estableza nos seus estatutos particulares.

#### Artigo 86. *Recursos económicos extraordinarios dos colexios.*

Constituirán recursos extraordinarios dos colexios oficiais de veterinarios:

a) As subvencións ou donativos que concedan ao colexio as administracións públicas ou corporacións oficiais, entidades ou particulares.

b) Os bens e dereitos de toda clase que, por herdanza ou por calquera outro título, pasen a formar parte do patrimonio do colexio.

c) As cantidades que por calquera outro concepto corresponda percibir ao colexio cando administre, en cumprimento dalgún cargo temporal ou perpetuo, mesmo cultural ou benéfico, determinados bens ou rendas.

d) Calquera outro que legalmente proceder.

Artigo 87. *Cotas de incorporación.*

Os colexiados satisfarán ao se inscribiren no colexio que corresponda unha cota de entrada, cuxo importe fixará e poderá modificar a xunta de goberno, que será igual para todos os colexiados. A cota de incorporación non poderá superar en ningún caso os custos asociados á tramitación da inscrición.

Artigo 88. *Cotas ordinarias.*

Serán cotas ordinarias as cotas que se aboan para o normal sostemento e funcionamento dos colexios.

Os veterinarios colexiados, exercentes ou non exercentes, veñen obrigados a satisfacer as cotas, que serán fixadas pola xunta de goberno e ratificadas pola asemblea xeral de colexiados.

Artigo 89. *Cotas extraordinarias.*

En caso de débitos ou pagamentos extraordinarios, os colexios, logo de acordo adoptado polas asembleas xerais, poderán establecer cotas extraordinarias, que serán satisfeitas obrigatoriamente polos colexiados.

Artigo 90. *Recadación de cotas.*

1. As cotas ordinarias e extraordinarias serán recadadas polo respectivo colexio oficial de veterinarios. Cada colexio oficial, trimestralmente e na forma que se describe no presente artigo, remitirá ao Consello Xeral a relación nominal e numérica dos colexiados por que debe contribuír e das cantidades a eles cobradas, e procederá a aboar ao Consello Xeral a cota que lle corresponda por cada colexiado.

2. Así mesmo, os colexios recadarán os dereitos que lles correspondan por ditames, taxacións, recoñecementos de sinaturas, sancións previstas nestes estatutos e cantas prestacións ou servizos se establezan en favor dos colexiados.

3. A recadación das cantidades destinadas ao sostemento dos colexios e do Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España farase por trimestres naturais, sen prexuízo de que tal período poida reducirse porque así se estableza nos estatutos particulares de cada colexio. O Consello Xeral remitirá a cada colexio antes do inicio de cada trimestre natural a lista nominal e numérica dos colexiados que consten nos seus arquivos en situación de alta. No caso de que na relación remitida o colexio oficial respectivo observe algunha omisión ou tivese que realizarse algunha modificación por alta ou baixa dalgún colexiado, comunicaráselle inmediatamente ao Consello Xeral. Nestes supostos o colexio oficial respectivo corruxará estas incidencias no recibo correspondente.

4. Recibida no colexio oficial a lista nominal e numérica antes citada, cada colexio oficial, dentro do trimestre natural, procederá a recadar as cantidades destinadas ao sostemento económico dos colexios e do Consello Xeral. En ningún caso o colexio oficial admitirá pagamentos parciais con referencia ás cantidades que deben satisfacer os colexiados. Unha vez recadadas, cada colexio oficial deberá remitir ao Consello Xeral as cotas que lle correspondan por cada colexiado antes de que finalice o segundo mes do trimestre natural correspondente.

5. Os estatutos particulares dos colexios e os regulamentos de réxime interior do Consello Xeral e dos colexios poderán, respectivamente, desenvolver o sistema de recadación previsto no presente artigo.

Artigo 91. *Gastos.*

1. Os gastos dos colexios serán os necesarios para o sostemento dos servizos, sen que poidan efectuarse pagamentos non previstos no orzamento aprobado, salvo casos xustificadas, nos cales, e considerando as disposicións de tesouraría, a xunta de goberno

poderá acordar a habilitación dun suplemento de crédito que precisará a aprobación previa da asemblea xeral no caso de que se exceda o orzamento total anual.

2. Sen a autorización expresa do presidente, o vogal da sección económica non poderá realizar gasto ningún. Na caixa do colexio existirá a cantidade necesaria para facer fronte aos seus pagamentos, os cales serán negociados, sempre que sexa posible, por unha entidade bancaria.

3. O exposto nos números anteriores entenderase sen prexuízo das previsións que en materia de gastos poidan establecer os estatutos particulares de cada colexio.

#### Artigo 92. *Falta de pagamento de cotas.*

1. O colexiado que non aboe as cotas nos prazos correspondentes recibirá do colexio por escrito reclamación coa advertencia da falta de pagamento.

2. Se persistir na súa actitude de non pagar e se acumulan máis de dous períodos consecutivos, será requirido para facelos efectivos, para o que se lle concederá o prazo de quince días e, transcorrido este, recargaráselle un 20 por 100 anual, se non satisfíxese a súa obriga.

3. Se o colexiado persistir en non pagar na forma e prazo previstos no parágrafo anterior, con independencia da recarga e a reclamación das cantidades debidas, quedará suspendido no desfrute de todos os seus dereitos colexiais previstos no artigo 71 mentres non faga efectivo o pagamento das súas obriga. A suspensión levantarase automaticamente no momento en que cumpra os seus débitos colexiais.

4. A suspensión no desfrute dos dereitos colexiais non ten carácter de sanción disciplinaria.

#### Artigo 93. *Patrimonio colexial.*

O patrimonio dos colexios estará composto por todos os bens mobles e inmobles que adquira en virtude de calquera título xurídico e polo saldo da súa tesouraría.

#### *Sección 4.<sup>a</sup> Responsabilidades. Compravenda de inmobles. Destino dos bens en caso de disolución*

#### Artigo 94. *Responsabilidades.*

1. A responsabilidade do manexo dos fondos queda vinculada directamente ao encargado da súa custodia.

2. Cando un colexio oficial non cumpra as súas obrigas (falta de pagamento das liquidacións relativas aos correspondentes trimestres) respecto ao consello de colexios autonómico ou ao Consello Xeral de Colexios Veterinarios, o órgano competente destas últimas corporacións poderá acordar a intervención da contabilidade do dito colexio. Igualmente, designará un interventor que, con gastos e retribución a cargo do colexio intervido, actuará con plenos poderes económicos até a normalización da economía colexial, considerándose preferentes as actuacións que correspondan aos débitos que motivaron a intervención.

3. Se for preciso, o dito órgano competente do consello de colexios autonómico ou do Consello Xeral, mediante o acordo correspondente, poderá ordenar que se realice unha auditoría após a designación dos expertos correspondentes, que realizarán o seu labor baixo a supervisión da persoa que se designe para tal efecto, quen informará preceptiva e puntualmente o órgano competente da auditoría efectuada.

4. A Xunta Executiva Permanente deberá dar conta á Asemblea Xeral de Presidentes das actuacións realizadas e do resultado delas.

#### Artigo 95. *Compravenda de bens inmobles.*

A compravenda de bens inmobles por parte dos colexios oficiais de veterinarios terase que levar a cabo logo de autorización expresa dunha asemblea xeral extraordinaria de

colexiados, legal e estatutariamente constituída, convocada só para ese efecto, do cal se debe dar coñecemento ao Consello Xeral. Deberán xustificarse, ao menos, ante a asemblea xeral de colexiados:

- a) A situación material e o réxime económico na sede actual.
- b) O estado dos fondos económicos do colexio.
- c) A contía do débito pendente de liquidación ao Consello Xeral.
- d) O custo do novo ben inmovible por metro cadrado construído.
- e) O custo total do ben inmovible.
- f) O orzamento de mobiliario adecuado, caso de non ser utilizado o vello.
- g) A forma de pagamento.
- h) A certificación da existencia de suficientes fondos económicos para responder ao pagamento.
- i) Cantos outros xustificantes se consideren oportunos e poidan establecer os estatutos particulares de cada colexio.

Artigo 96. *Destino dos bens en caso de disolución.*

En caso de disolución dos colexios oficiais, nomearase unha comisión liquidadora, a cal, en caso de que haxa bens e valores sobrantes despois de satisfacer as débedas, os adxudicará a entidades benéficas relacionadas coa Organización Colexial Veterinaria, de acordo cos presentes estatutos xerais e co que dispoñan os estatutos particulares do colexio respectivo.

## CAPÍTULO II

### Certificados oficiais

Artigo 97. *Organización, edición e distribución.*

O Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España establecerá modelos de impresos de certificados veterinarios oficiais, calquera que for a súa finalidade, e de impresos conforme a lexislación vixente. Corresponde ao Consello Xeral a organización e dirección deste servizo e aos colexios a distribución dos impresos dentro do seu territorio, nos termos previstos no artigo 6.m) dos presentes estatutos xerais, é dicir, sempre que se trate de documentos que deban ser uniformes en todo o territorio nacional. O devandito será de aplicación a todos os impresos que se editen conforme a lexislación vixente.

## CAPÍTULO III

### Receta oficial veterinaria

Artigo 98. *Recetas.*

1. A Organización Colexial velará polo cumprimento das normas legais sobre a receita veterinaria como documento profesional e adoptará as medidas que considere máis idóneas para garantir o seu correcto uso e prescrición. A receita veterinaria é o instrumento do exercicio clínico da profesión e existe liberdade de prescrición dentro dun marco técnico (diagnóstico, tratamento e prevención), deontolóxico e normativo.

2. A Organización Colexial Veterinaria editará un modelo de receita veterinaria para o exercicio libre, de conformidade coa normativa estatal e autonómica vixente na materia, e acordará a súa distribución a través dos colexios oficiais de veterinarios.

3. A dispensación de medicamentos veterinarios estará imprescindiblemente condicionada á entrega da correspondente receita, en todos os casos previstos na lexislación vixente.



## CAPÍTULO IV

### Réxime da nota de encarga ou orzamento

Artigo 99. *Nota de encarga.*

Os Colexiados presentarán aos seus clientes unha nota de encarga ou orzamento que conterá, como mínimo, a determinación suficiente do obxecto da prestación e o seu custo previsto ou previsible, en razón da actividade que se vaia realizar ou o método para a súa determinación.

Os Colexiados non comunicarán ao Colexio, para o seu control ou visado, a nota de encarga do traballo profesional, salvo requirimento xustificado no curso dun procedemento disciplinario.

## CAPÍTULO V

### Honorarios profesionais

Artigo 100. *Honorarios profesionais e servizo de cobramento de honorarios a través dos Colexios.*

1. Os Colexios oficiais de Veterinarios e a Organización Colexial Veterinaria Española non poderán establecer baremos orientativos nin calquera outra orientación, recomendación, directriz, norma ou regra sobre honorarios profesionais.

2. Cada Colexio oficial de Veterinarios establecerá, se o considera conveniente, un servizo de cobramento de honorarios profesionais, de acordo coa lexislación vixente, que terá carácter voluntario para os Colexiados.

3. Os estatutos particulares dos Colexios oficiais determinarán as condicións da súa prestación.

4. Os Colexios oficiais de Veterinarios elaborarán criterios orientativos exclusivamente para os efectos da taxación de custas e xuramento de contas nos procesos xudiciais.

## TÍTULO VII

### Réxime de responsabilidade dos Colexiados

## CAPÍTULO I

### Responsabilidade penal e civil

Artigo 101. *Responsabilidade penal.*

Os Veterinarios están suxeitos a responsabilidade penal polos delitos e faltas que cometan no exercicio da súa profesión.

Artigo 102. *Responsabilidade civil.*

Os Veterinarios, no seu exercicio profesional, están suxeitos a responsabilidade civil cando por dolo ou negligencia danen os intereses dos consumidores ou usuarios dos seus servizos cuxa atención lles fose confiada, responsabilidade que será exigible conforme a lexislación ordinaria ante os tribunais de xustiza.

## CAPÍTULO II

### Responsabilidade disciplinaria

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Principios xerais e facultades disciplinarias*

##### Artigo 103. *Réxime disciplinario.*

1. En ningún caso será obstáculo o exercicio da actividade profesional a través dunha sociedade profesional para a efectiva aplicación aos Colexiados, sexan socios profesionais ou non, do réxime disciplinario previsto no presente título.

2. Os Colexiados que infrinxan os seus deberes profesionais ou os regulados por estes estatutos serán sancionados disciplinariamente, con independencia de calquera outra responsabilidade civil, penal ou administrativa en que poidan incurrir.

Igualmente, as persoas que ocupen cargos directivos na Organización Colexial, tanto nos Colexios oficiais como no Consello Xeral ou nos consellos autonómicos, se for o caso, serán susceptibles de ser sancionadas disciplinariamente.

3. As sociedades profesionais están suxeitas igualmente a responsabilidade disciplinaria e incorrerán nela, nos supostos e circunstancias establecidos na lei e nestes estatutos, se cometeren algunha das infraccións previstas no artigo 106 seguinte. A responsabilidade disciplinaria da sociedade profesional entenderase sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria que corresponda ao profesional actuante, sexa socio ou non dela.

##### Artigo 104. *Potestade sancionadora.*

1. Non poderán imporse sancións disciplinarias senón en virtude de expediente instruído para o efecto, logo de audiencia do interesado.

2. O exercicio da potestade sancionadora respecto dos Colexiados corresponde ás Xuntas de Goberno dos Colexios oficiais de Veterinarios.

3. O axuízamento e potestade sancionadora, en relación cos membros das Xuntas de Goberno dos Colexios, corresponderá ao Consello Xeral no suposto de que non estea constituído o correspondente Consello Autonómico. Corresponderá en todo caso ao Consello Xeral o exercicio da potestade sancionadora respecto dos membros das Xuntas de Goberno dos Colexios no suposto de infraccións que estes poidan cometer en relación coas obrigas relacionadas coa súa participación ou funcións representativas no Consello Xeral.

4. Os acordos sancionadores serán executivos cando poñan fin á vía corporativa. Non obstante, no caso de que tal execución poida causar prexuízos de imposible ou difícil reparación, o órgano sancionador poderá acordar de oficio, ou por instancia de parte, a suspensión da execución do acto impugnado.

5. Os Colexios oficiais darán conta inmediata ao Consello Xeral de todas as sancións que impoñan que leven unida a suspensión no exercicio profesional (artigo 107, sancións 4.<sup>a</sup> a 7.<sup>a</sup>, ambas inclusive) con remisión dun extracto do expediente. O Consello Xeral levará un rexistro de sancións de ámbito estatal en que se recollerán todas as que impoñan os Colexios oficiais, tanto aos Colexiados persoas físicas como ás sociedades profesionais. Tales sancións, ademais, anotaranse no expediente persoal do Colexiado sancionado ou, se for o caso, na folla aberta á sociedade profesional no Rexistro de Sociedades Profesionais.

6. As sancións impostas, se for o caso, polo Colexio da provincia en que se exerza a actividade profesional producirán efecto en todo o territorio español.

*Sección 2.<sup>a</sup> Infraccións susceptibles de comisión polos Colexiados, sancións e facultades sancionadoras*

Artigo 105. *Competencias sancionadoras dos Colexios.*

Os Colexios sancionarán disciplinariamente todas as accións e omisións dos Colexiados que infrinxan as normas reguladoras da profesión, os estatutos xerais e particulares, os regulamentos de réxime interior, as normas deontolóxicas ou calquera outra norma Colexial.

Artigo 106. *Infraccións.*

As infraccións cometidas polos Colexiados Veterinarios e polas sociedades profesionais e imputables a uns e outras que poidan levar unida sanción disciplinaria clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1. Son infraccións graves susceptibles de ser cometidas polos Veterinarios Colexiados e imputadas a eles:

a) O incumprimento dos deberes Colexiais e profesionais determinados no artigo 72 dos presentes estatutos xerais, así como na normativa deontolóxica vixente, sinaladamente cando se prexudiquen os intereses dos consumidores e usuarios dos seus servizos profesionais.

b) A práctica de condutas profesionais con infracción das prohibicións contidas no artigo 73 destes estatutos xerais.

c) A comisión de delitos dolosos, en calquera grao de participación, cuxa execución fose realizada valéndose da súa condición profesional, despois de pronunciamento xudicial firme.

d) O incumprimento reiterado (dous ou máis) dos acordos emanados da asemblea xeral do Colexio, da xunta de goberno e do Consello Xeral.

e) A falta de denuncia ás autoridades competentes e ao Colexio ou Consello Xeral das manifestas infraccións cometidas polos Colexiados en relación coas obrigas administrativas ou Colexiais de que teña coñecemento.

f) O encubrimento da intrusión profesional ou a colaboración no exercicio de actividades propias da profesión de Veterinario con quen non teña o título correspondente ou non reúna a debida aptitude legal para isto, despois de pronunciamento xudicial firme.

g) O atentado contra a dignidade ou honra dos compañeiros con ocasión do exercicio profesional.

h) O atentado contra a dignidade ou honra dos membros dos órganos de goberno do Colexio, do consello autonómico, se for o caso, e do Consello Xeral.

i) O incumprimento das normas e acordos sobre modelos de documentos e impresos utilizados na actividade profesional dos Veterinarios, así como falsear, non cubrir ou introducir inexactitudes graves nos citados documentos, e a ocultación ou simulación de datos que o Colexio deba coñecer para exercer as súas funcións de ordenación e control da actividade profesional.

j) O exercicio profesional en situación de embriaguez ou baixo o influxo de drogas tóxicas.

k) A realización de actividades, constitución de asociacións ou pertenza a elas cando teñan como fins ou realicen funcións que sexan exclusivas dos Colexios.

l) A infracción grave do segredo profesional por culpa ou negligencia, con prexuízo para terceiros.

m) Amparar o exercicio da profesión sen a preceptiva Colexiación ou permitir o uso da clínica ou consultorio Veterinario a persoas que non se encontren debidamente Colexiadas, cando a Colexiación sexa obrigatoria.

n) Non respectar ou prexudicar os dereitos dos consumidores e usuarios contratantes dos seus servizos ou destinatarios do seu exercicio profesional.

ñ) O incumprimento das normativas reguladoras de actividades profesionais que se exerzan en virtude de convenios ou contratos subscritos entre o colexio e calquera Administración pública ou en virtude de funcións delegadas ou encomendadas pola Administración ou por calquera disposición legal aos colexios, aos consellos autonómicos ou ao Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España.

o) O incumprimento das sancións impostas por infraccións disciplinarias, unha vez que sexan exixibles por seren firmes ou non teren sido suspendidas polos órganos competentes da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

p) O incumprimento das previsións contidas no código deontolóxico para o exercicio da profesión veterinaria, así como na normativa deontolóxica aprobada polo colexio respectivo e polo consello autonómico, cando for o caso.

q) A falta de comunicación ao Rexistro Mercantil ou ao colexio da constitución dunha sociedade profesional ou das modificacións posteriores de socios, administradores ou do contrato social.

r) O incumprimento das previsións legais en relación cos requisitos de capital, composición de órganos de administración e representación das sociedades profesionais, sexa mediante acordos públicos, sexa mediante acordos privados ou actuacións concertadas entre os socios.

2. Son infraccións graves susceptibles de ser cometidas polas sociedades profesionais e imputadas a elas todas as tipificadas no número 1 deste artigo, salvo as previstas nas alíneas c), j), k), l), m) e n).

3. Son leves as infraccións comprendidas nos números anteriores que revistan menor entidade por concorrer algunha destas circunstancias: falta de intencionalidade ou escasa importancia do dano causado.

4. Merecerán a cualificación de moi graves as infraccións reputadas como graves nos números 1 e 2 deste artigo nas cales concurra algunha destas circunstancias: intencionalidade manifesta; negligencia profesional inescusable; dano ou prexuízo grave para os intereses dos consumidores e usuarios; obtención de lucro ilexítimo debido á actuación ilícita; ter sido sancionado anteriormente, por resolución colexial firme non cancelada, ou que o debiera ter sido, a causa dunha infracción grave.

#### Artigo 107. Sancións.

1. Por razón das infraccións previstas no artigo anterior poderán imporse as seguintes sancións:

a) Aos veterinarios colexiados:

- 1.<sup>a</sup> Amoestación privada.
- 2.<sup>a</sup> Apercibimento por oficio.
- 3.<sup>a</sup> Amoestación pública, mediante a publicación da resolución sancionadora firme no taboleiro de anuncios do colexio ou nos seus órganos de expresión ou difusión.
- 4.<sup>a</sup> Suspensión no exercicio profesional en todo o territorio español até 1 mes.
- 5.<sup>a</sup> Suspensión no exercicio profesional en todo o territorio español entre 1 mes e 1 día e 1 ano.
- 6.<sup>a</sup> Suspensión no exercicio profesional en todo o territorio español entre 1 ano e 1 día e 3 anos.
- 7.<sup>a</sup> Expulsión do colexio, que leva unida a inhabilitación para calquera colexiación ou incorporación noutro colexio oficial de veterinarios.

b) Ás sociedades profesionais:

- 1.<sup>a</sup> Amoestación privada dirixida aos seus administradores.
- 2.<sup>a</sup> Apercibimento por oficio dirixido aos seus administradores.
- 3.<sup>a</sup> Amoestación pública, mediante a publicación da resolución sancionadora firme no taboleiro de anuncios do colexio ou nos seus órganos de expresión ou difusión.

4.<sup>a</sup> Multa polo importe de entre o 0,5 e o 3 por cento da súa cifra neta de negocio no exercicio inmediatamente anterior ao da comisión da infracción.

5.<sup>a</sup> Baixa temporal do Rexistro de Sociedades Profesionais, por un prazo non inferior a un mes nin superior a dous anos. En todo caso, a baixa comportará a suspensión no exercicio profesional da sociedade polo tempo que dure a baixa.

6.<sup>a</sup> Exclusión definitiva do Rexistro de Sociedades Profesionais, momento a partir do cal a sociedade non poderá exercer a actividade profesional veterinaria.

2. As sancións 4.<sup>a</sup> a 7.<sup>a</sup> da alínea 1.a) deste artigo implican a accesoria de suspensión do exercicio do dereito de sufraxio activo e pasivo polo tempo da súa duración.

3. Tanto no caso de sanción de expulsión de veterinarios colexiados como no de exclusión definitiva de sociedades profesionais dos seus respectivos rexistros será necesario o voto favorable de, ao menos, as dúas terceiras partes dos membros integrantes da xunta de goberno do colexio.

4. As sancións de suspensión de exercicio profesional e expulsión dos veterinarios colexiados e as condutas que poidan afectar a saúde pública serán comunicadas ás autoridades sanitarias e gobernativas.

5. As sancións que se impuxeren ás sociedades profesionais consistentes na baixa temporal ou na exclusión definitiva do Rexistro de Sociedades Profesionais serán comunicadas ao Ministerio de Xustiza e ao Rexistro Mercantil en que a sociedade sancionada estiver inscrita.

#### Artigo 108. *Correspondencia entre infraccións e sancións.*

1. Pola comisión por parte dos veterinarios colexiados de infraccións cualificadas como leves poderán imporse as sancións 1.<sup>a</sup> a 2.<sup>a</sup> da alínea 1.a) do artigo 107 dos presentes estatutos xerais. Ás infraccións graves corresponden as sancións 3.<sup>a</sup> a 5.<sup>a</sup> do mesmo artigo 107.1.a), e só as moi graves serán castigadas coas sancións 6.<sup>a</sup> a 7.<sup>a</sup> tipificadas no mencionado artigo 107.1.a) destes estatutos. Para a determinación da sanción impositiva concreta serán tomadas en consideración as circunstancias previstas no propio artigo 106.4, que deberán ser expostas, xustificadas e motivadas suficientemente na resolución.

2. Pola comisión por parte das sociedades profesionais de infraccións cualificadas como leves poderán imporse as sancións 1.<sup>a</sup> a 2.<sup>a</sup> da alínea 1.b) do artigo 107.1 dos presentes estatutos xerais. Ás infraccións graves corresponden as sancións 3.<sup>a</sup> a 5.<sup>a</sup> do mesmo artigo 107.1.b), e só as moi graves serán castigadas coa sanción 6.<sup>a</sup> tipificada no mencionado artigo 107.1.b) destes estatutos. Para a determinación da sanción impositiva concreta serán tomadas en consideración igualmente as circunstancias previstas no propio artigo 106.

#### Artigo 109. *Competencia e recursos.*

A xunta de goberno en cada colexio exercerá a función disciplinaria e imporá, cando for o caso, as sancións correspondentes.

Contra as sancións impostas pola xunta de goberno cabe recurso de alzada ante o Consello Xeral cando estea previsto nos estatutos do colexio correspondente, o dispoña a lexislación autonómica e tamén en ausencia de tal lexislación.

#### Artigo 110. *Procedemento disciplinario.*

1. O procedemento disciplinario iniciárase a xunta de goberno de oficio, por petición razoada doutro colexio ou do Consello Xeral ou en virtude de denuncia asinada por un veterinario colexiado ou por un terceiro con interese lexítimo. O órgano disciplinario competente, ao ter coñecemento dunha suposta infracción, decidirá, á vista dos antecedentes dispoñibles, ordenar o arquivamento das actuacións ou a incoación de

expediente, e designará nese momento un instrutor de entre os membros da xunta de goberno.

Son causas de abstención ou recusación as previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Para os efectos do exercicio do dereito de recusación, o nomeamento de instrutor será comunicado ao expedientado, quen poderá facer uso de tal dereito dentro do prazo de oito días desde o seguinte ao da recepción da notificación.

2. Após as oportunas dilixencias indagatorias, o instrutor propondrá o sobresemento do expediente se non encontrar indicios de ilícito disciplinario, ou formulará prego de cargos, en caso contrario. No prego de cargos deberán indicarse con precisión e clareza, e debidamente motivados, os actos profesionais ou colexiais que se presumen ilícitos; a cualificación do tipo de infracción en que incorre aquela conduta; a sanción con que, se for o caso, pode ser castigada; así como a identidade do órgano competente para impor a sanción. Concederáse ao expedientado un prazo de quince días contado desde o seguinte á notificación para que poida contestar por escrito formulando o oportuno prego de descargos e a proposta das probas que considere pertinentes para a súa defensa.

No expediente admitiranse todos os medios de proba admisibles en dereito, e corresponde ao instrutor practicar as probas propostas que considere oportunas ou as que el mesmo poida acordar. Das audiencias e probas practicadas deberá existir constancia escrita no expediente.

3. Concluída a instrución do expediente disciplinario, o instrutor elevará, coa correspondente proposta de resolución, ao órgano disciplinario, ante o cal se concederá ao expedientado un novo trámite de audiencia, polo mesmo prazo de quince días contados desde o seguinte á notificación, para que poida alegar canto considere oportuno ou conveniente ao seu dereito. O instrutor non poderá intervir nas deliberacións nin na toma de decisións do órgano disciplinario. O órgano encargado de resolver, antes de ditar resolución mediante acordo motivado, poderá devolver ao instrutor o expediente para a práctica das dilixencias que sexan imprescindibles para a adopción da resolución. Na práctica de novas dilixencias poderá intervir o interesado, se o cre oportuno, e débesele comunicar, en todo caso, o resultado delas. Despois de coñecer o resultado destas dilixencias o interesado disporá dun prazo de oito días para formular as alegacións que ao seu dereito conveñan en relación a tales dilixencias.

A resolución, que será motivada, decidirá todas as cuestións suscitadas polo interesado e aquelas outras derivadas do procedemento, que se lle notificarán no prazo dos dez días hábiles seguintes á súa adopción, con expresión dos recursos que procedan, así como os prazos para os interpor, de acordo coa lexislación vixente.

4. Este procedemento disciplinario poderá ser desenvolvido, de conformidade co disposto nestes estatutos xerais, polos estatutos particulares de cada colexio. No non previsto polos estatutos xerais será de aplicación a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 111. *Prescripción de infraccións e sancións. Cancelación. Rehabilitación en caso de expulsión.*

1. As infraccións, tanto de veterinarios colexiados como de sociedades profesionais, prescriben:

- a) As leves aos 6 meses.
- b) As graves ao ano.
- c) As moi graves aos 2 anos.

2. As sancións, tanto de veterinarios colexiados como de sociedades profesionais, prescriben:

- a) As leves aos 6 meses.

- b) As graves ao ano.
- c) As moi graves aos 2 anos.

3. Os prazos de prescrición das infraccións, tanto de veterinarios colexiados como de sociedades profesionais, comezarán a contarse desde a comisión da infracción. A prescrición interromperase por calquera actuación colexial expresa e manifesta dirixida a investigar a presunta infracción e con coñecemento do interesado.

Os prazos de prescrición das sancións, tanto de veterinarios colexiados como de sociedades profesionais, comezan a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola cal se impón a sanción. A realización de calquera acto colexial expreso e manifesto de execución da sanción interromperá o prazo de prescrición desta.

4. A cancelación supón a anulación do antecedente sancionador para todos os efectos. As sancións pola comisión de infraccións leves, graves e moi graves cancelaranse, respectivamente, ao ano, aos dous anos e aos catro anos, contando desde o cumprimento da sanción de que se trate. As sancións cancelaranse de oficio. Se a cancelación debeu producirse e non se fixo, o interesado poderá pedir e o colexio deberá proceder a ela de inmediato. En todo caso, as sancións non canceladas que o deberan ser carecerán de efectos.

5. Nos casos de expulsión a Xunta de Goberno do Colexio poderá, transcorridos ao menos tres anos desde a firmeza da sanción, acordar a rehabilitación do expulsado, para o cal incoará o oportuno expediente ao seu pedimento. A xunta de goberno, oído o Consello Xeral e, se for o caso, o consello autonómico, decidirá acerca da rehabilitación, en atención ás circunstancias de feito concorrentes no solicitante.

6. Nos casos de exclusión definitiva do Rexistro de Sociedades Profesionais, a xunta de goberno poderá, igual que no suposto do número 5 deste artigo, acordar a inclusión da sociedade sancionada de novo no rexistro colexial, logo do oportuno expediente por petición da sociedade e transcorridos, ao menos, tres anos desde a firmeza da sanción. A Xunta de Goberno, oído o Consello Xeral e, se for o caso, o consello autonómico, decidirá acerca da inclusión de novo no rexistro, en atención ás circunstancias de feito concorrentes no solicitante.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Infraccións susceptibles de comisión polos membros de órganos de goberno da Organización Colexial, sancións e facultades sancionadoras*

*Artigo 112. Infraccións cometidas por membros dos órganos de goberno da Organización Colexial Veterinaria.*

As infraccións cometidas polos membros dos órganos de goberno da Organización Colexial Veterinaria en función dos seus cargos que poidan levar unida sanción disciplinaria, clasifícanse en leves, graves e moi graves.

*Artigo 113. Infraccións.*

1. Son infraccións graves:
  - a) O abandono de funcións ou a falta de dilixencia no cumprimento das súas obrigas como directivos da Organización Colexial.
  - b) Todo grave incumprimento dos deberes que os presentes estatutos xerais ou a legalidade vixente impoñan aos membros das xuntas de goberno dos colexios oficiais ou aos integrantes do Consello Xeral.
  - c) A omisión, incumprimento ou atraso grave e inxustificado na execución das ordes ou acordos emanados dos órganos de goberno da Organización Colexial.
  - d) A ocultación de datos ou elementos de xuízo de interese xeral para a profesión que estean ou que, pola súa natureza, deban estar en poder dos responsables dos colexios oficiais ou do Consello Xeral.

e) A aplicación indebida e inxustificada de cantidades consignadas nos orzamentos anuais para fins distintos aos previstos neles.

f) O incumprimento do pagamento das cantidades destinadas ao sostemento do Consello Xeral e do resto das obrigas económicas previstas nos presentes estatutos ou nas disposicións legais vixentes.

g) As actuacións, en función do seu cargo, que atenten contra a dignidade e bo nome da profesión ou dos órganos de representación dela.

h) A comisión de delitos con ocasión do exercicio do cargo, logo de pronunciamento xudicial firme.

2. Son leves as infraccións comprendidas no número anterior que revistan menor entidade por concorrer algunha destas circunstancias: a falta de intencionalidade ou a escasa importancia do dano causado.

3. Merecerán a cualificación de moi graves as infraccións reputadas como graves nas cales concorra algunha destas circunstancias: dano ou prexuízo grave aos intereses dos consumidores e usuarios; posta en perigo da subsistencia ou entorpecemento grave do funcionamento da Organización Colexial ou de calquera dos seus órganos de representación; intencionalidade manifesta; desobediencia reiterada a acordos colexiais ou do Consello; ter sido sancionado anteriormente, por resolución colexial firme non cancelada, ou que o debiera ter sido, por causa dunha infracción grave.

#### Artigo 114. *Sancións.*

Poderán imporse as seguintes sancións:

1.<sup>a</sup> Amoestación privada.

2.<sup>a</sup> Amoestación pública.

3.<sup>a</sup> Suspensión do cargo directivo e inhabilitación para ocupar calquera posto de responsabilidade na Organización Colexial entre 1 mes e 1 día e 1 ano.

4.<sup>a</sup> Suspensión do cargo directivo e inhabilitación para ocupar calquera posto de responsabilidade na Organización Colexial entre 1 ano e 1 día e 2 anos.

5.<sup>a</sup> Suspensión do cargo directivo e inhabilitación para ocupar calquera posto de responsabilidade na Organización Colexial entre 2 anos e 1 día e 5 anos.

6.<sup>a</sup> Perda da condición de cargo directivo e inhabilitación para ocupar calquera posto de responsabilidade na Organización Colexial durante 6 anos.

#### Artigo 115. *Correspondencia entre infraccións e sancións.*

Ás infraccións leves corresponderán as sancións 1.<sup>a</sup> a 2.<sup>a</sup>, ás infraccións graves, as sancións 3.<sup>a</sup> a 5.<sup>a</sup>, e ás moi graves, a sanción 6.<sup>a</sup> Para a determinación da sanción impositiva concreta teranse en consideración as circunstancias previstas no propio artigo 113, que deberán ser expostas, xustificadas e motivadas suficientemente na resolución.

#### Artigo 116. *Competencia e recursos.*

1. Corresponde ao Consello Xeral a imposición de sancións pola actuación, profesional ou colexial, dos membros das xuntas de goberno dos colexios oficiais de veterinarios no suposto de que non estea constituído o correspondente consello autonómico.

2. Corresponderá, en todo caso, ao Consello Xeral a imposición de sancións pola actuación profesional ou colexial dos membros integrantes dos seus órganos colexiados.

3. Contra as sancións acordadas en primeira instancia polo Consello Xeral, cando este sexa o competente, caberá recurso corporativo ante o propio Consello Xeral, nos termos establecidos nos presentes estatutos.



Artigo 117. *Procedemento disciplinario.*

Para o exercicio da potestade sancionadora sobre os membros do Consello Xeral ou das xuntas de goberno dos colexios, cando a competencia sexa do Consello Xeral de acordo co disposto no artigo 104.3 dos presentes estatutos xerais, será de aplicación o procedemento disciplinario previsto no artigo 110.

Artigo 118. *Prescrición de infraccións e sancións. Cancelación.*

O réxime de prescrición, así como de cancelación, previsto no artigo 111 é tamén aplicable ás infraccións e sancións dos membros de órganos directivos da Organización Colexial.

## TÍTULO VIII

### Publicacións da Organización Colexial Veterinaria

Artigo 119. *Publicacións do Consello Xeral de Colexios Veterinarios e dos colexios oficiais de veterinarios.*

1. O Consello Xeral poderá editar periodicamente, con carácter ordinario, un boletín informativo ou revista da organización colexial, calquera outro medio de difusión e cantos suplementos ou números extraordinarios se consideren necesarios ou convenientes.

O boletín do Consello e da Organización Colexial será o órgano de expresión desta e colaborarán nel de forma permanente as xuntas de goberno dos colexios, membros do Consello Xeral e consellos autonómicos, se for o caso, e, en xeral, todos os colexiados.

Para tal efecto, constituirase un gabinete técnico cuxa presidencia exercerá o presidente do Consello Xeral ou conselleiro en quen delegue, que poderá dispor dos servizos de relacións públicas e prensa.

2. As publicacións deberán aterse sempre ás normas deontolóxicas e disposicións legais vixentes, así como ás dos presentes estatutos xerais.

## TÍTULO IX

### Réxime xurídico

Artigo 120. *Réxime xurídico.*

A Organización Colexial Veterinaria Española réxese na súa organización e funcionamento:

- a) Pola lexislación básica estatal e autonómica vixente en materia de colexios profesionais.
- b) Polos presentes estatutos xerais.
- c) Polos respectivos estatutos particulares e normas de alcance xeral adoptados no seu desenvolvemento e aplicación.
- d) Polo resto do ordenamento xurídico en canto sexa aplicable.

No non previsto polos estatutos xerais, será de aplicación a lexislación vixente sobre réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. O réxime xurídico dos órganos colexiados dos colexios profesionais axustarase ás normas contidas neste estatuto xeral e nos estatutos particulares, que establecerán o réxime de convocatoria, sesións e adopción de acordos.

Artigo 121. *Nulidade.*

1. É nulo de pleno dereito calquera acto dos órganos de Goberno da Organización Colexial Veterinaria Española que incorra en calquera dos supostos previstos no artigo 62 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Son anulables os actos dos órganos colexiais que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, mesmo a desviación de poder, de acordo co disposto no artigo 63 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 122. *Réxime de recursos en relación con actos e resolucións dos colexios ante o Consello Xeral.*

1. Os actos, acordos e resolucións dos colexios oficiais deberán ser obxecto de recurso de alzada, como previo ao recurso contencioso-administrativo, ante o consello de colexios da comunidade autónoma respectiva, se estiver constituído ou, na súa falta, ante o Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España, na forma e supostos previstos no presente artigo.

2. Contra as decisións ou resolucións de calquera órgano dos colexios oficiais de veterinarios cabe interpor recurso de alzada, no prazo dun mes desde a súa notificación aos interesados ou, se for o caso, publicación, ante o consello de colexios da comunidade autónoma respectiva, se estiver constituído ou, na súa falta, ante o Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España.

En caso de normas ou acordos de natureza deontolóxica, contenciosos electorais, admisión ou denegación de colexiacións e sancións que consistan en suspensión do exercicio profesional e/ou expulsión do colexio, poderá formar parte do expediente administrativo un informe do Consello Xeral cando este non sexa o órgano competente para resolver, sempre que o solicite o órgano a quen corresponda tal competencia, para garantir en todo o territorio nacional unha uniformidade nas resolucións cuxo obxecto sexa a igualdade de trato dos profesionais colexiados e a igualdade de prestación do exercicio profesional fronte aos cidadáns en xeral.

3. Os recursos poderán ser presentados ante o Consello Xeral cando este sexa o competente para resolver nos termos previstos nos presentes estatutos, ou ante a xunta de goberno do colexio respectivo, a cal deberá elevalo ao consello competente, dentro dos dez días seguintes á data de presentación, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente. O Consello Xeral, cando sexa o competente para resolver, logo dos informes que considere convenientes, deberá ditar e notificar a resolución expresa dentro dos tres meses seguintes á súa interposición, entendéndose, en caso de silencio, que o recurso foi desestimado.

4. Os acordos que, en primeira instancia, adopte o Consello Xeral, tamén serán impugnables, potestativamente, antes de acudir á vía contencioso-administrativa, ante o propio Consello Xeral, no prazo dun mes contado desde o día da súa notificación ou da súa publicación. Exceptúanse os acordos adoptados pola Asemblea Xeral de Presidentes, que esgotarán a vía administrativa e serán impugnables directamente na vía contencioso-administrativa, sen prexuízo da posibilidade de interpor recurso de reposición ante o citado órgano colexiado autor do acordo impugnado.

Artigo 123. *Exercicio libre da profesión.*

O exercicio da profesión de veterinario realizarase en réxime de libre competencia e estará suxeito á Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, e á Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal.

Os acordos, decisións e recomendacións dos colexios, consellos autonómicos, se for o caso, e Consello Xeral, observarán os límites da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

Artigo 124. *Libros de actas do Consello Xeral.*

1. No Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España levaranse obrigatoriamente tres libros de actas, onde se transcribirán separadamente as correspondentes á Asemblea Xeral de Presidentes, á Xunta Interterritorial e á Xunta Executiva Permanente.

2. As actas deberán ser asinadas polo presidente do Consello Xeral ou por quen o substituíse na Presidencia e polo secretario xeral ou por quen desempeñase as súas funcións.

Artigo 125. *Libros de actas dos colexios oficiais.*

1. En cada colexio levaranse obrigatoriamente dous libros de actas, onde se transcribirán separadamente as correspondentes á asemblea xeral e á xunta de goberno.

2. As actas deberán ser asinadas polo presidente do colexio ou por quen o substituíse na Presidencia, e polo secretario ou por quen desempeñase as súas funcións.

## TÍTULO X

### Réxime de distincións e premios

Artigo 126. *Distincións e honras.*

O Consello Xeral, por proposta da Xunta Executiva Permanente, poderá outorgar, mediante información previa, distincións e honras de distinta categoría, conforme os merecementos alcanzados na orde corporativa e/ou profesional por aquelas persoas que se fixesen acreedoras a eles, en concordancia co artigo 70 destes estatutos.

Artigo 127. *Recompensas.*

1. As recompensas que o Consello Xeral pode conceder serán de dúas clases: honoríficas e de carácter científico-económico.

2. As honoríficas poderán ser:

- a) Felicitacións ou mencións.
- b) Veterinario honorario.
- c) Membro de honra do Consello Xeral.
- d) Presidente de honra do Consello Xeral.
- e) Medalla da Organización Colexial Veterinaria.

Poderán ser membros de honra do Consello Xeral aquelas institucións ou corporacións, nacionais ou estranxeiras, ou persoas, profesionais ou non, que, a xuízo da Xunta Executiva Permanente e por instancia desta ou dalgún colexio ou de membros do Consello, merezan tal distinción polos méritos contraídos en favor da profesión.

3. As de carácter científico-económico poderán ser:

- a) Bolsas e subvencións para estudo.
- b) Bolsas de estudo para a formación de especialistas.
- c) Premios a traballos de investigación.
- d) Publicación, con cargo ao Consello Xeral, daqueles traballos de destacado valor científico que este acorde editar.

4. Todas estas recompensas outorgaranse logo da incoación do oportuno expediente, e a de carácter honorífico, sinalada na alínea d) do número 2 deste artigo, requirirá o acordo unánime de todos os membros da Xunta Executiva Permanente. Neste último caso, a dita decisión deberá ser, ademais, ratificada pola Asemblea Xeral de Presidentes de Colexios.

Artigo 128. *Mencións honoríficas e títulos.*

1. Corresponde ás xuntas de goberno dos colexios a concesión de mencións honoríficas e títulos de colexiados ou de presidentes de honra, dando coñecemento ao Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España das condecoracións, etc. a favor de calquera veterinario, así como tamén de personalidades ou entidades non veterinarias que, ao seu xuízo, o merezan. Xunto coa proposta, os colexiados interesados deberán remitir unha ampla e documentada información explicando as razóns e servizos que a motivaron e que inclúa as adhesións pertinentes.

2. Os colexiados veterinarios, no momento da súa xubilación, se contan con máis de vinte anos de colexiación e non teñen nota desfavorable dos seus expedientes colexiais, serán designados automaticamente colexiados honoríficos.

3. A concesión do título de colexiado ou presidente de honra e a adquisición da condición de colexiado honorífico levarán anexas a exención do pagamento de cotas colexiais, tanto ordinarias como extraordinarias.

4. As propostas de axudas e bolsas para estudos poderán facerse tamén a favor de estudantes de veterinaria.

5. As xuntas de goberno dos colexios oficiais poderán acordar felicitacións a favor dos seus colexiados, e mesmo dos doutros colexios, cando pola súa conduta exemplar ou polos seus méritos e servizos extraordinarios prestados aos colexios ou á profesión, se fixesen acredores disto.

Cando o beneficiario resida nunha provincia doutra comunidade autónoma ou nas cidades de Ceuta e Melilla, a proposta será tramitada a través do Consello Xeral.

6. O exposto nos artigos precedentes entenderase sen prexuízo das previsións que en materia de distincións e premios poidan establecer os estatutos particulares de cada colexio.

## TÍTULO XI

### Memoria anual

Artigo 129. *Memoria anual.*

1. A Organización Colexial Veterinaria Española estará suxeita ao principio de transparencia na súa xestión. Para isto, os colexios oficiais de veterinarios, os consellos autonómicos, se for o caso, e o Consello Xeral de Colexios de Veterinarios de España deberán elaborar, respectivamente, unha memoria anual que conteña, cando menos, a información seguinte:

a) Informe anual de xestión económica, incluíndo os gastos de persoal suficientemente desagregados e especificando as retribucións dos membros dos seus órganos de goberno en razón do seu cargo.

b) Importe das cotas aplicables desagregadas por concepto e tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzasen a firmeza, con indicación da infracción a que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta, se for o caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, se for o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

e) Os cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos, no caso de dispor deles.

- f) As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se encontren os membros dos seus órganos de goberno.
- g) Información estatística sobre a súa actividade de visado.

Cando proceda, os datos presentaranse desagregados territorialmente polos colexios e consellos autonómicos, se for o caso.

2. A memoria anual deberá facerse pública a través da páxina web de cada unha das corporacións integrantes da Organización Colexial Veterinaria Española no primeiro semestre de cada ano.

3. O Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España fará pública, xunto á súa memoria, a información estatística a que fai referencia o número 1 deste artigo de forma agregada para o conxunto da Organización Colexial Veterinaria Española.

4. Para os efectos de cumprir a previsión do número anterior, os consellos autonómicos, se for o caso, e os colexios oficiais de veterinarios facilitarán ao Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España a información necesaria para elaborar a memoria anual.

## TÍTULO XII

### **Servizo de atención aos colexiados e aos consumidores e usuarios**

Artigo 130. *Servizo de atención aos colexiados e aos consumidores ou usuarios.*

1. Os colexios oficiais de veterinarios deberán atender as queixas ou reclamacións presentadas polos colexiados.

2. Así mesmo, os colexios oficiais de veterinarios disporán dun servizo de atención aos consumidores ou usuarios que, necesariamente, tramitará e resolverá cantas queixas e reclamacións referidas á actividade colexial ou profesional dos colexiados presente calquera consumidor ou usuario que contrate os servizos profesionais, así como asociacións e organizacións de consumidores e usuarios na súa representación ou en defensa dos seus intereses.

3. Os colexios oficiais de veterinarios, a través deste servizo de atención aos consumidores ou usuarios, resolverán sobre a queixa ou reclamación segundo proceda, ben informando sobre o sistema extraxudicial de resolución de conflitos, ben remitindo o expediente aos órganos colexiais competentes para instruír os oportunos expedientes informativos ou disciplinarios, ben arquivando ou ben adoptando calquera outra decisión conforme dereito.

4. A regulación deste servizo deberá prever a presentación de queixas e reclamacións por vía electrónica e a distancia.

Disposición transitoria primeira. *Adaptación dos estatutos particulares.*

Os colexios oficiais de veterinarios deberán adaptar os seus correspondentes estatutos particulares ao disposto nos estatutos xerais recollidos no presente real decreto no prazo dun ano e, unha vez aprobados polas asembleas xerais, serán notificados ao Consello Xeral.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación dos regulamentos de réxime interior.*

Os regulamentos de réxime interior aprobados polo Consello Xeral e polos colexios oficiais de veterinarios seguirán en vigor, ben que deberán adaptarse no prazo dun ano aos presentes estatutos xerais.

Disposición transitoria terceira. *Obrigatoriedade de colexiación.*

De conformidade co establecido na disposición transitoria cuarta da Lei 25/2009, do 22 de decembro, até a entrada en vigor da lei nela referida, que determinará as profesións

para cuxo exercicio será obrigatoria a colexiación, manterase a obrigatoriedade de colexiación vixente e que se contén no artigo 62 dos presentes estatutos xerais.

Disposición transitoria cuarta. *Permanencia transitoria dos membros dos órganos reitores.*

Os membros dos órganos reitores permanecerán nos seus cargos até a conclusión do período de tempo para o cal foron elixidos e as vacantes que se produzan cubriranse conforme a nova normativa estatutaria.